



MEMORIA DE ACTIVIDADES 2013

Instituto da Lingua Galega



Edita
Instituto da Lingua Galega
Universidade de Santiago de Compostela
Praza da Universidade, 4
15782 Santiago de Compostela
A Coruña

Correo electrónico: ilgsec@usc.es
Páxina web: <http://ilg.usc.es/>
Teléfonos
+34 8818 12810
+34 8818 12802
Fax
+34 81572770

Universidade de Santiago de Compostela, xullo de 2014

Índice

LIMIAR.....	5
RELACIÓN DE LIÑAS E PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN	7
A. PROXECTOS PROMOVIDOS NO SEO DO ILG	7
1. ARQUIVO DO GALEGO ORAL (AGO)	7
2. ATLAS LINGÜÍSTICO GALEGO (ALGA).....	8
3. BIBLIOTECA DIXITAL DA GALICIA MEDIEVAL (BGM).....	9
4. CONSTRUCIÓN VERBAIS E SINTAXE DA ORACIÓN (ConVERSO).....	9
5. CAMBIO LINGÜÍSTICO NO GALEGO ACTUAL.....	9
6. CORPUS ORAL INFORMATIZADO DA LINGUA GALEGA (CORILGA).....	10
7. DICIONARIO DE PRONUNCIA DA LINGUA GALEGA.....	11
8. DICIONARIO DOS APELIDOS GALEGOS.....	11
9. EDICIÓN DA COLECCIÓN DIPLOMÁTICA DOS DOCUMENTOS GALEGOS MEDIEVAIS	11
10. EDICIÓN E ELABORACIÓN DOS MATERIAIS GALEGOS DO ALPI.....	12
11. FITOFALADOIRO.....	12
12. GONDOMAR. REPOSITORIO DIXITAL DE TEXTOS DO GALEGO MEDIO	13
13. GRAMÁTICA DA LINGUA GALEGA	13
14. CORPUS DE TEXTOS ANTIGOS DE GALICIA (COTAGAL)	14
15. GRAMÁTICA HISTÓRICA DA LINGUA GALEGA (GHLG)	14
16. INVENTARIO TOPONÍMICO DA GALICIA MEDIEVAL (ITGM)	15
17. TESOURO INFORMATIZADO DA LINGUA GALEGA (TILG).....	16
18. TESOURO DO LÉXICO PATRIMONIAL GALEGO E PORTUGUÉS	16
19. TESOURO MEDIEVAL INFORMATIZADO DA LINGUA GALEGA (TMILG)	17
20. TESOURO MEDIEVAL INFORMATIZADO DA LINGUA CASTELÁ (TMILC-G).....	18
21. TESOURO MEDIEVAL INFORMATIZADO DA LINGUA LATINA (TMILL-G)	18
22. TESOURO MEDIEVAL INFORMATIZADO DA LINGUA PORTUGUESA (TMILP)	19
23. TESOURO MEDIEVAL INFORMATIZADO DA LINGUA LATINA - PORTUGAL (TMILL-P) ...	19
24. AMPER GALICIA.....	19
25. REDE DE TECNOLOGÍAS E ANÁLISE DE DATOS LINGÜÍSTICOS TECANDALI	20
B. PROXECTOS PROMOVIDOS POR OUTRAS INSTITUCIÓN.....	21
1. ADQUISICIÓN DE ESCENARIOS DE CONOCIMIENTO A TRAVÉS DE LA LECTURA DE TEXTOS: DESARROLLO Y APLICACIÓN DE RECURSOS PARA EL PROCESAMIENTO LINGÜÍSTICO DEL GALLEGO (SKATER-UVIGO)	21
2. DICTIONNAIRE ÉTYMOLOGIQUE ROMAN (DÉROM). DEUXIÈME PHASE: LE NOYAU PANROMAN 2	21
3. LIBROS, MEMORIA Y ARCHIVOS: CARTULARIOS MONÁSTICOS DEL NOROESTE PENINSULAR (SS. XII Y XIII)	21
4. PROYECTO DE RECOPILACIÓN, ANÁLISIS Y NORMALIZACIÓN DE LA TOPONIMIA ANDALUZA	22
5. PAREMIOLÓGÍA ROMANCE: REFRANES METEOROLÓGICOS Y TERRITORIO.....	22
6. COBRIR O CORPO	22

RENOVACIÓN DA PÁXINA WEB	23
ORGANIZACIÓN DE CURSOS, CONFERENCIAS E ENCONTROS LINGÜÍSTICOS	25
A. XXVI EDICIÓN DOS CURSOS DE LINGUA E CULTURA GALEGAS PARA ESTRANXEIROS E PARA ESPAÑOIS DE FÓRA DE GALICIA	25
B. SIMPOSIO ILG 2013.....	27
C. COLOQUIO LINGÜÍSTICA HISTÓRICA.....	28
D. CURSO DE VERÁN	29
E. CURSO BÁSICO DE ESTATÍSTICA PARA LINGÜISTAS.....	30
F. IV ENCONTRO WEDISYN SOBRE VARIACIÓN SINTÁCTICA.....	31
G. SIMPOSIO METODOLOXÍA PARA O ESTUDO PERCEPTIVO DA VARIACIÓN PROSÓDICA DIALECTAL	32
ACTIVIDADE DOS INVESTIGADORES.....	33
A. COMUNICACIÓNES EN CONGRESOS E ENCONTROS CIENTÍFICOS	33
B. CURSOS E SEMINARIOS	38
C. CONFERENCIAS.....	39
D. COMITÉS CIENTÍFICOS E DE REDACCIÓN	40
E. PUBLICACIÓNES	43
F. REALIZACIÓN E DIRECCIÓN DE TRABALLOS ACADÉMICOS.....	52
G. VISITAS DE INVESTIGADORES	54
H. BOLSAS E PREMIOS	55
I. ORGANIZACIÓN DE REUNIÓN CIENTÍFICAS	56
CONVENIOS, CONTRATOS E CONTRIBUCIÓN INSTITUCIONAL.....	57
A. CONVENIOS E CONTRATOS	57
B. AXUDAS DE INVESTIGACIÓN CONCEDIDAS OU APROBADAS EN 2013	58
C. CONTRIBUCIÓN INSTITUCIONAL: ORGANIZACIÓN SOCIAIS, ACADÉMICAS ETC.....	59
RESUMO ECONÓMICO 2013	61
PERSOAL.....	63

Limiār

En cumprimento do establecido polas normas que rexen a actividade do Instituto da Lingua Galega, en particular o seu regulamento interno e os Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela, sometemos á aprobación do Consello de Goberno da Universidade a memoria que recolle a actividade desenvolvida polo Instituto ao longo do ano 2013. O texto foi presentado inicialmente diante do Consello Científico do Instituto, que o analizou e aprobou por unanimidade na súa sesión do pasado día 27 de xuño de 2014, e logo diante da súa Xunta de Goberno, que na reunión celebrada o día 3 de xullo deste mesmo ano, baixo a presidencia do Reitor, acordou ratificalo por unanimidade. En calquera caso, esta memoria pretende ser, alén da resposta a un imperativo legal, a manifestación do compromiso coa transparencia e coa rendición de contas dunha institución que se financia fundamentalmente con fondos públicos.

A investigación en xeral, e a investigación en Humanidades moi en particular, está a vivir tempos difíciles. Un ano máis, a redución das partidas que as institucións públicas destinan ao financiamento da actividade investigadora debuxa un escenario caracterizado polas crecentes dificultades que deben enfrentar os grupos e centros de investigación para conseguir fondos que lles permitan sequera seguir funcionando. Nun contexto coma este, en que resulta certamente difícil mesmo manter os indicadores básicos de actividade, o Instituto da Lingua Galega conseguiu incrementar cuantitativa e cualitativamente a súa producción e, ao tempo, mellorar a difusión e proxección dos seus resultados. Neste sentido, gustaríame chamar a atención, por unha parte, sobre os avances significativos atinxidos en materia de internacionalización, e que se manifestan principalmente no desenvolvemento de proxectos e actividades en colaboración con outras Universidades e centros de investigación, e, por outra, na mellora na difusión dos resultados de investigación que está a supoñer a posta en marcha, nos meses finais de 2013, da nova páxina web da institución. En efecto, nos escasos meses que leva en funcionamento, esta revelouse como un eficaz instrumento na súa función de portal de acceso ao repositorio de publicacións dos investigadores do Instituto e aos numerosos recursos que o ILG ofrece á comunidade investigadora e ao público en xeral en réxime de libre acceso.

Se isto resultou posible nun contexto tan adverso foi grazas ao compromiso permanente coa institución e á dedicación intensa e desinteresada do persoal investigador, de apoio á investigación e de administración e servizos do Instituto. A eficacia e rigor do seu traballo son a clave do éxito na concorrencia ás convocatorias competitivas, que se reflicte, por exemplo, na renovación do recoñemento do grupo FILG, que integra a práctica totalidade dos membros do Instituto, como Grupo de Referencia Competitiva para o período 2013-2016, ou na obtención, por parte do persoal investigador en formación do ILG, de catro contratos predoutoriais na convocatoria de 2013. Ademais, nun contexto restritivo como o que estamos a vivir, é de xustiza recoñecer e agradecer o apoio recibido de institucións públicas e privadas, nomeadamente a Secretaría Xeral de Política Lingüística, a Real Academia Galega, o Consello da Cultura Galega e a Fundación Barrié de la Maza e, por suposto, a propia Universidade de Santiago de Compostela, que renovou o seu compromiso co Instituto a través do asinamento, en decembro de 2013, dun contrato-programa para o período 2013-2017.

Finalmente, en nome propio e no do profesor Xulio Sousa, que me acompaña no equipo de dirección do Instituto desde que accedemos a ela en marzo de 2013, gustaríame deixar constancia do agradecemento a todo o seu persoal pola colaboración franca e a súa dedicación, que constitúen de certo o mellor estímulo para o noso labor.

Relación de liñas e proxectos de investigación

A. PROXECTOS PROMOVIDOS NO SEO DO ILG

1. ARQUIVO DO GALEGO ORAL (AGO)

IP: Francisco Fernández Rei

EQUIPO INVESTIGADOR: Carme Ares Vázquez, Henrique Costas González (UVigo), Ana García García, Carme García Rodríguez, Carme Hermida Gulías, Samuel Pazos Pérez, Xavier Varela Barreiro

INFORMÁTICA: César Osorio Peláez

FINANCIAMENTO: Convenio coa Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia

PÁGINA WEB: <http://ilg.usc.es/ago/>

7

AVANCES SIGNIFICATIVOS E RESULTADOS PUBLICADOS EN 2013

1. Actualización da páxina web coa introdución de **30** novos textos en transcripción semifonolóxica e estandarizada con diversos temas (lendas, entroido, lobo, abellas e mel, forno e pan, mocear e actividade pesqueira). Con esta actualización chegouse a **100** mostras dispoñibles para consultar a través da rede e incrementouse substancialmente a representatividade territorial.
2. Catalogación de **97** novas gravacións, unhas de 2013 e outras doazóns de anos anteriores (delas 12 son de Asturias e Castela-León e 8 do Val do Ellas-Cáceres e 23 de parroquias de Galicia das que se carecía de mostra oral ou ben a existente era deficiente), o que dá un total actual de **1507** fichas (e outros tantos informantes) desde que no 2007 se iniciou a actual fase do proxecto.
3. Preparación para a dixitalización das gravacións da década de 1980, cuxo tratamento urxe pola vulnerabilidade do soporte e pola antigüidade dos audios. Ficháronse **429** gravacións (de 81 concellos distintos) cos criterios que se seguiron para os outros audios que xa pasaron por ese proceso.
4. A vía principal de difusión do proxecto é a súa páxina web e visitas ao *Arquivo do Galego Oral* no edificio do ILG ás que se lles explica a orixe, a actualidade e a utilidade do arquivo. Neste ano 2013 recibiuuse, por exemplo, un grupo de docentes dun curso de lingua sarda da Universidade de Casteddu/Càgliari e parte do alumnado da XXVI edición dos *Cursos de verán de lingua e cultura galegas para estranxeiros*, que organizaron a RAG, o ILG e mais a SXPL.

O director de cine Ignacio Vilar acudiu ao AGO para documentarse para a realización da súa próxima película e alumnos/as que hai uns anos depositaron no AGO gravacións, en casette, acudiron para solicitar e recibir unha copia dixitalizada.

Francisco Fernández Rei dirixiu a memoria de licenciatura de José Manuel Dopazo Entenza *O patrimonio lingüístico e cultural da Illa de Ons: textos e estudo*, xulgada o 26 de setembro de 2013 na Facultade de Filoloxía da USC, cuxo material de análise forma tamén parte do Arquivo. No tribunal participaron os membros do equipo do AGO Carme Hermida Gulías e Xavier Varela Barreiro. Polo interese etnolingüístico dos textos, algúns fragmentos axiña se difundirán a través do sitio web do Arquivo.

En relación coas publicacións derivadas do proxecto no 2013 cómpre sinalar o libro de Carme Hermida *Marisa Mirás Gómez ou a importancia de ser de Calo* e o libro de Xosé Henrique Costas *O valego. As falas de orixe galega do Val do Ellas (Cáceres-Estremadura)*, cun limiar do investigador principal do AGO e titulado “O bacelo galego que prendeu na Serra de Gata”. Ademais, en *Sementar para os que veñan. Homenaxe a Camiño Noia*, do 2012 pero presentado a finais de xaneiro de 2013, figura o artigo de Xosé Henrique Costas “Notas sobre a fala galega da Seabra: o calaborés”. Para estes traballos utilizáronse gravacións do AGO.

2. ATLAS LINGÜÍSTICO GALEGO (ALGA)

IP: Francisco Fernández Rei, Manuel González González, Rosario Álvarez Blanco

EQUIPO INVESTIGADOR: Xulio Sousa Fernández, Francisco Dubert García, Antón Santamarina Fernández, Ana García García, Carme Hermida Gulías, Rosa Mouzo Villar, Raquel Vila Amado

INFORMÁTICA: César Osorio Peláez

FINANCIAMENTO: Convenio coa Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia

PÁGINA WEB: <http://ilg.usc.es/indices/>

AVANCES SIGNIFICATIVOS E RESULTADOS PUBLICADOS EN 2013

1. Corrección de varias probas en formato dixital do volume VI *Terra. Plantas e árbores*, achegadas por Eurográficas Pichel S.L., Polígono do Tambre, Santiago de Compostela, que se ocupa da impresión.
2. Revisión e corrección dos materiais do volume VII, *Léxico. Ser humano II*, e elaboración de mapas e notas novos.

PUBLICACIÓNS DERIVADAS

- Rocío Dourado Fernández (2013): “Denominacións do *umbilicus rupestris* no territorio galegófono: unha aproximación a partir dos datos do ALGa (II)”, *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos* 16, 23-30, consultable en: <http://revistas.ucm.es/index.php/MADR/article/viewFile/42985/40790>. Baséase no material do mapa 113 *Couselo* do volume VI.
- Dubert García, Francisco (2013): “An analysis of Galician Dialects in Correlative Dialectometry”, en Álvarez Pérez, Xosé Afonso; Ernestina Carrilho & Catariña Magro (eds.) (2013): *Current Approaches to Limits and Areas in Dialectology*. Newcastle upon Tyne: Cambridge Scholars Publishing. ISBN 978-1-4438-4757-5, pp. 171-198.

3. BIBLIOTECA DIXITAL DA GALICIA MEDIEVAL (BGM)

IP: Xavier Varela Barreiro

EQUIPO INVESTIGADOR: Eduard del Castillo Velasco, Lucía Doval Iglesias, Xavier Gómez Guinovart (UVigo), Ana Suárez González (USC-História)

INFORMÁTICA: Xavier Gómez Guinovart (UVigo)

FINANCIAMENTO: Sen financiamento externo específico

PÁGINA WEB: <http://ilg.usc.es/BGM/>

AVANCES SIGNIFICATIVOS E RESULTADOS PUBLICADOS EN 2013

Completouse a *Historia de la Santa A.M. Iglesia de Santiago de Compostela* (11 tomos) de Antonio López Ferreiro (Santiago: Imprenta y Enc. del Seminario Conciliar Central (1898-1909), e incorporáronse as *Fontes documentais da Universidade de Santiago de Compostela. Pergameos da serie Bens do Arquivo Histórico Universitario (Anos 1237-1537)*, editadas por M. Lucas e M.J. Justo (Santiago: Consello da Cultura Galega, 1991), e *A vida e a fala dos devanceiros* de X. Ferro Couselo (Vigo: Galaxia, 1967).

4. CONSTRUCIÓNS VERBAIS E SINTAXE DA ORACIÓN (CONVERSO)

IP: Rosario Álvarez Blanco, Xosé Xove Ferreiro

EQUIPO INVESTIGADOR: Rosario Álvarez Blanco, Xosé Xove Ferreiro, Soraya Domínguez Portela, María Pereira Maceda, Luz Varela Armas

FINANCIAMENTO: Real Academia Galega

PROXECTOS EN COLABORACIÓN: Instituto da Lingua Galega (USC) e Seminario de Gramática da Real Academia Galega

AVANCES SIGNIFICATIVOS E RESULTADOS PUBLICADOS EN 2013

Desde a saída o 15/05/2012 da última bolsa, Luz Varela Armas, interrompeuse a incorporación de novos datos á base, que actualmente conta cuns 61 000 rexistros dos 100 verbos más frecuentes. Nesta nova fase o investigador Xosé Xove está procedendo ao establecemento sistemático das acepcións de cada verbo a partir das caracterizacións xa introducidas. Ao mesmo tempo, a base está sendo utilizada polos membros do equipo redactor da *Gramática da lingua galega* galego para o estudo da sintaxe do galego.

5. CAMBIO LINGÜÍSTICO NO GALEGO ACTUAL

IP: Xosé Luís Regueira Fernández

EQUIPO INVESTIGADOR: Manuel González González, Francisco Cidrás Escáneo, Xulio Sousa Fernández, Francisco Dubert García, Elisa Fernández Rei

FINANCIAMENTO: Dirección General de Investigación Científica y Técnica do Ministerio de Economía y Competitividad (Ref. FFI2012-33845) (20 000 €)

AVANCES SIGNIFICATIVOS E RESULTADOS PUBLICADOS EN 2013

No ano 2013 levouse a cabo a posta en marcha deste proxecto, que se desenvolve en conexión co proxecto CORILGA.

Realizáronse gravacións orientadas a describir e estudar cambios fonéticos relacionados co seseo, a gheada e a aspiración de /s/ final en diferentes puntos do occidente da Coruña, así como diferentes gravacións de conversas de xente nova en diferentes lugares de Galicia.

Transcribiríronse así mesmo gravacións procedentes doutros corpora anteriores, así como conferencias e lingua dos medios de comunicación.

Realizáronse traballos preliminares de análise acústica e de análise prosódica.

PUBLICACIÓNOS DERIVADAS (PRESENTACIÓNEN CONGRESOS, ARTIGOS, LIBROS, ETC.)

- *XXXIIe Congrès International de Linguistique et de Philologies Romanes* (Nancy, 15-20 xullo de 2013). Comunicacións:
 - a. Cambios prosódicos no galego actual (Elisa Fernández Rei).
 - b. Factores internos e externos nos cambios fonológicos no galego actual (Xosé Luís Regueira).
- *II Jornadas de Ciências da Linguagem* (Aveiro). Comunicación: “Abordagem dialecto-métrica das variedades prosódicas do Galego o do Português” (Elisa Fernández Rei, con Lurdes de Castro Moutinho, Rosa Lídia Coimbra).
- *XXXIII Romanistentag* (sección Prosodie und Sprachkontakt in der Romania) (Würzburg, Alemania). Comunicación: “Achega ao estudo diacrónico das prosodias galega e portuguesa” (Elisa Fernández Rei, con Lurdes de Castro Moutinho, Rosa Lídia Coimbra).
- Simposio ILG 2013: *Lingua e identidade na fronteira galego-portuguesa*. Conferencia: “As entoacións galega e portuguesa: a súa fronteira á luz da dialectometría” (Elisa Fernández Rei, con Lurdes de Castro Moutinho, Rosa Lídia Coimbra).

6. CORPUS ORAL INFORMATIZADO DA LINGUA GALEGA (CORILGA)

IP: Xosé Luís Regueira Fernández, Elisa Fernández Rei

EQUIPO INVESTIGADOR: Manuel González González, Francisco Cidrás Escáneo, Xulio Sousa Fernández, Francisco Dubert García, Noemi Basanta Llanes

INFORMÁTICA: César Osorio Peláez

FINANCIAMENTO: Sen financiamento externo específico

PROXECTOS EN COOPERACIÓN: Grupo Teoría do Sinal (UVigo), Apoio estístico: MODESTYA

AVANCES SIGNIFICATIVOS E RESULTADOS PUBLICADOS EN 2013

Durante o 2013 este proxecto coñeceu un importante desenvolvemento. Incorporáronse gravacións procedentes do Arquivo do Galego Oral así como conferencias e outras gravacións de galego formal. Realizáronse varias horas de gravacións de conversas de xente nova e iniciouse a súa transcripción. Ao final do ano integrouse o Corpus de Gustav Henningsen, que actualmente está en fase de revisión para adaptalo aos criterios de transcripción do CORILGA. Isto fai que actualmente o corpus conte con case 100 horas de gravação transcritas.

Grazas á colaboración cos equipos da Rede de investigación Tecnoloxía e análise dos datos lingüísticos, especialmente co grupo de Teoría do Sinal, da UVigo, que permitiu iniciar os traballos para o desenvolvemento de ferramentas de etiquetado automático de datos morfolóxicos, transcripción e aliñamento automático, así como o desenvolvemento dunha ferramenta para a xestión da base de datos e do corpus de gravacións, así como ferramentas de busca e recuperación de información lingüística en diferentes niveis (fonético, prosódico, gramatical, etc.).

TRABALLOS ACADÉMICOS RELACIONADOS

- Noemi Basanta Llanes: *Lingua e xénero na conversación*. Memoria de licenciatura. Facultade de Filoloxía, USC. Dir. Xosé Luís Regueira.

7. DICIONARIO DE PRONUNCIA DA LINGUA GALEGA

IP: Xosé Luís Regueira Fernández

EQUIPO INVESTIGADOR: Noemi Basanta Llanes, César Osorio Peláez

FINANCIAMIENTO: Secretaría Xeral de Política Lingüística

ENTIDADES COLABORADORAS: Radio Galega

PÁGINA WEB: <http://ilg.usc.es/pronuncia>

AVANCES SIGNIFICATIVOS E RESULTADOS PUBLICADOS EN 2013

Levouse a cabo a ampliación da base de léxico común ata cubrir todas as entradas do Dicionario da RAG, e incorporáronse os nomes 1000 de persoa e os 1500 apelidos más frecuentes, así como 6000 topónimos (nomes de cidades, concellos, comarcas, parroquias, montes, ríos, accidentes costeiros, etc.). Efectuáronse enquisas e procurouse información para establecer a pronuncia ou pronuncias más extendidas e representativas; para os apelidos foron enquisadas persoas portadoras de cada apelido e para os topónimos os residentes no lugar ou veciñanza do nome procurado.

A gravación das formas fonéticas establecidas foi realizada por Belén Regueira e completada por Noemi Basanta, no estudio 5 da Radio Galega, con Toño Vázquez como técnico de son.

Mellorouse a ferramenta de busca, coa incorporación de buscas fonéticas. Para iso, previamente substituíuse a fonte fonética utilizada anteriormente por outra fonte Unicode. Incorporáronse enlaces ás redes sociais más frecuentes (Facebook, Twitter, Google+).

Este recurso proporciona as locucións do *Dicionario da Real Academia Galega*.

8. DICIONARIO DOS APELIDOS GALEGOS

IP: Ana Isabel Boullón Agrelo

EQUIPO INVESTIGADOR: Gonzalo Navaza Blanco (Universidade de Vigo), Antón Palacio Sánchez (Universidade de Vigo), Luz Méndez (Comisión de Toponimia da Xunta de Galicia), Eduardo Louredo Rodríguez

FINANCIAMIENTO: Real Academia Galega

AVANCES SIGNIFICATIVOS E RESULTADOS PUBLICADOS EN 2013

Continuouse depurando e aumentando as táboas onomásticas (antropónimia medieval e dos séculos XVI-XVIII), e topónimicas (25 161 rexistros novos). Ademais, segue a redacción de entradas do dicionario. O número total de entradas realizadas é de 2450, o que constitúe un 45% do total previsto, aproximadamente.

9. EDICIÓN DA COLECCIÓN DIPLOMÁTICA DOS DOCUMENTOS GALEGOS MEDIEVAIS

IP: Ana Isabel Boullón Agrelo

EQUIPO INVESTIGADOR: Ramón Lorenzo Vázquez, M^a Carmen Pérez

FINANCIAMIENTO: Xunta de Galicia (Consellería de Educación e Ordenación Universitaria)

AVANCES SIGNIFICATIVOS E RESULTADOS PUBLICADOS EN 2013

Rematouse a edición da colección documental de Montederramo e estase a traballar na introdución.

Séguese a traballar na edición da colección documental de Oia (tratamento dixital de 1958 imaxes recibidas, transcripción de dúas carpetas do AHN, mantemento da base de datos dos fondos documentais, localización de fondos no Arquivo da Catedral de Tui).

10. EDICIÓN E ELABORACIÓN DOS MATERIAIS GALEGOS DO ALPI (ATLAS LINGÜÍSTICO DE LA PENÍNSULA IBÉRICA)

IP: Xulio C. Sousa Fernández

EQUIPO INVESTIGADOR: Carolina Pérez Capelo, Rosa Mouzo Villar

FINANCIAMIENTO: Convenio Secretaría Xeral de Política Lingüística / Consejo Superior de Investigaciones Científicas

ENTIDADES COLABORADORAS: Consejo Superior de Investigaciones Científicas

AVANCES SIGNIFICATIVOS E RESULTADOS PUBLICADOS EN 2013

En 2013 leváronse a cabo as seguintes tarefas:

- Revisión das transcripcións dos materiais correspondentes ao caderno I. Continuación do tratamento dos debuxos.
- Reunións de coordinación (febreiro de 2013).
- Elaboración das páxinas web do proxectos: ILG e CSIC.

PUBLICACIÓNS RELACIONADAS

- Rosa Mouzo Villar / Carolina Pérez Capelo: "As oracións condicionais no ALPI. Unha análise contrastiva do noroeste peninsular". *IV Encontro Wedisyn sobre variación sintáctica*. Santiago de Compostela, 18 de abril de 2013.
- Eduardo Louredo Rodríguez: "Aproximación ao uso do artigo con nome propio a través dos materiais galegos do ALPI". *IV Encontro Wedisyn sobre variación sintáctica*. Santiago de Compostela, 18 de abril de 2013.
- Xulio Sousa: "Áreas léxicas peninsulares a partir dos materiais do ALPI", *XVIIe Congrès International de Linguistique et de Philologie Romanes*. Nancy, 15-20 de xullo de 2013.
- Ernestina Carilho & Xulio Sousa: "Aspects de variation syntaxique ibéro-romane d'après l'Atlas Lingüístico de la Península Ibérica (ALPI)", *XVIIe Congrès International de Linguistique et de Philologie Romanes*. Nancy, 15-20 de xullo de 2013.

11. FITOFALADOIRO

IP: Rosario Álvarez Blanco

EQUIPO INVESTIGADOR: Rosario Álvarez Blanco, Javier Amigo Vázquez, Francisco Dubert García, David García San León, Antón Santamarina Fernández

FINANCIAMIENTO: 1437,30 por factura da Consellería de Educación

ENTIDADES COLABORADORAS: Herbario SANT da USC

PÁGINA WEB: <http://fitofaladoiro.eu/>

AVANCES SIGNIFICATIVOS E RESULTADOS PUBLICADOS EN 2013

O proxecto Fitofaldoiro concibiuse ao longo do ano 2012. Tras unha serie de reformas na páxina web, a súa forma final quedou lista na primavera de 2013. Nesta altura, subíronse: 93 imaxes correspondentes a 85 exemplares de herbario que ilustraban 48 especies diferentes de plantas; formularios de entrada de enquisas relacionados directamente coas imaxes; documentación en formato descargable para traballar nos colexios; un díptico informativo; formularios tabulados para a recollida de enquisas; etiquetas modelo para a recollida de exemplares de plantas; listados de nomes vernáculos (tomados de fontes bibliográficas) para que os rapaces poidan preguntar se alguén os coñece nas súas localidades.

Durante a primavera de 2013 tamén se contactou cos centros para avaliar a participación. Houbo xuntanzas, conversas telefónicas e comunicación por email con varios centros interesados. A pesar das dificultades (as datas do ano), comenzaron a colaborar O Porriño, Pontecaldelas e, sobre todo, Viana do Bolo. A estas colaboracións cómpre engadir a participación aberta vía web (baseada en fotografías de exemplares dos que xa existía unha identificación botánica previa), pola que dispoñemos de datos introducidos desde 21 concellos de Galicia (moitos deles anonimamente). As enquisas recollidas foron 32, con 33 nomes relativos a 17 especies de plantas (ver anexos última páxina). Tamén houbo outros centros que achegaron moita información procedente de actividades semellantes realizadas por eles en anos anteriores.

12. GONDOMAR. REPOSITORIO DIXITAL DE TEXTOS DO GALEGO MEDIO (SS. XVI, XVII E XVIII)

IP: Rosario Álvarez Blanco e Ernesto González Seoane

EQUIPO INVESTIGADOR: Xosé Antonio Fernández Salgado, Michael J. Ferreira, Domingo L. González Lopo, Rita Marquillas, Gonzalo Navaza Blanco, José Luis Rodríguez Gómez, Pegerto Saavedra Fernández, Concepción Varela Orol, Xosé Xove Ferreiro

AVANCES SIGNIFICATIVOS E RESULTADOS PUBLICADOS EN 2013

- Redefinición do proxecto e presentación á convocatoria de proxectos do Plan Estatal de Investigación Científica y Técnica y de Innovación 2013-2016.
- Publicacións: Álvarez Blanco / Xove Ferreiro (2013).

13. GRAMÁTICA DA LINGUA GALEGA

IP: Rosario Álvarez

EQUIPO INVESTIGADOR: Francisco A. Cidrás Escáneo, Ernesto González Seoane, Xosé Luís Regueira Fernández, Xosé Xove Ferreiro

FINANCIAMIENTO: Convenio asinado entre a USC e a RAG (2011-2013)

PROXECTOS EN COOPERACIÓN: O equipo ten a encarga de redactar a gramática institucional da Real Academia Galega

DURACIÓN: 2011-2013

AVANCES SIGNIFICATIVOS E RESULTADOS PUBLICADOS EN 2013

O equipo continúa cos traballos de redacción da gramática. A fins de ano a RAG aceptou a solicitude de ampliación por un ano do período de execución, sen ningún tipo de contribución económica.

14. CORPUS DE TEXTOS ANTIGOS DE GALICIA (COTAGAL)

IP: Ricardo Pichel Gotérrez

EQUIPO INVESTIGADOR: Raquel Alonso Parada, Alexandra Cabana Outeiro, Xosé Luís Couceiro Pérez, Pedro Dono López, Rocío Dourado Fernández, Paulo Martínez Lema, Ramón Mariño Paz, Xavier Varela Barreiro

FINANCIAMENTO: Sen financiamento externo específico

PROXECTOS EN COOPERACIÓN: Xelmírez (dir. Xavier Varlea Barreiro), LEMA (dir. por Ana Suárez González)

AVANCES SIGNIFICATIVOS E RESULTADOS PUBLICADOS EN 2013

- Inicio do cotexo textual e diplomático dos Tombos de Santa María de Sobrado (AHN Códices L. 976 e L. 977) coa documentación solta do mosteiro custodiada no AHN (Clero, carps. 526-542), con vistas á preparación da edición crítica dos tombos. Esta actividade desenvólvese dentro do marco do proxecto “LEMA. Libros, memoria y archivos. Cartularios monásticos del Noroeste peninsular (ss. XII y XIII)”, dirixido por Ana Suárez González e subvencionado polo Ministerio de Ciencia e Innovación (HAR2009-09529 (subprograma HIST).
- Dixitalización, catalogación e edición selectiva do fondo antigo do Arquivo de San Paio de Antealtares. Esta actividade desenvólvese dentro do marco do proxecto “Dixitalización do fondo medieval e moderno do Arquivo Histórico de San Paio de Antealtares”, dirixido por Ricardo Pichel Gotérrez e subvencionado parcialmente pola Deputación de Coruña (Bolsas de investigación 2012-2013).
- Prosecución da transcripción do Cartulario da confraría de San Xoán Bautista de Pontevedra (1432-1493) (AHN Códices L. 443), de man de Lucía Doval Iglesias e dentro do marco da realización da tese de doutoramento.
- Finalización da transcripción paleográfica e presentación crítica da *Historia troiana* (BMP Ms. 558), a cargo de Ricardo Pichel Gotérrez, como parte da súa tese de doutoramento, defendida o 17/12/2013.
- Avance na transcripción paleográfica da tradución galega da *General Estoria* (Escorial Ms. O.1.I), a cargo de Ricardo Pichel Gotérrez.
- Edición selectiva de pezas documentais en romance (séculos XIII-XV) integradas nos cartorios de Toxos Outos (AHN Códices L. 1002) e Lourenzá (AHN Códices L. 181B e L. 1044).
- Constitución do equipo de traballo galego do COTAGAL integrado da Rede Internacional CHARTA (*Corpus Hispánico y Americano en la Red: Textos Antiguos*). Edición dun conxunto de textos documentais galegos redactados en castelán (séculos XIII-XVI; do AHN, ARG, ASPA, ACOu), de acordo coas pautas de transcripción da rede CHARTA, e que se integrarán proximamente no seu corpus en liña.

15. GRAMÁTICA HISTÓRICA DA LINGUA GALEGA (GHLG)

IP: Xavier Varela Barreiro e Ramón Mariño Paz

EQUIPO INVESTIGADOR: Amparo Cereixo Silva (IESP As Neves), Eduardo Moscoso Mato, Alexandre Rodríguez Guerra (UVigo)

FINANCIAMENTO: Sen financiamento externo específico

AVANCES SIGNIFICATIVOS E RESULTADOS PUBLICADOS EN 2013

A actividade estivo centrada na preparación e desenvolvemento do “I Coloquio Lingüística Histórica”, celebrado os días 1-4 de xullo de 2013 na Facultade de Filoloxía da Universidade de Santiago de Compostela baixo o auspicio do Instituto da Lingua Galega. Ademais dos labores organizativos e de xestión, achegaron o seu contributo Alexandre Rodríguez (aspectos da scripta do *Cancioneiro da Ajuda*), Eduardo Moscoso (explotación de recursos electrónicos ao servizo da lingüística histórica da lingua galega), Ramón Mariño (variazión na morfoloxía verbal nos períodos medieval e posmedieval) e Xavier Varela (a historia dos nomes dos días da semana).

16. INVENTARIO TOPONÍMICO DA GALICIA MEDIEVAL (ITGM)

IP: Paulo Martínez Lema

EQUIPO INVESTIGADOR: Manuel Blanco López, Amparo Cereixo Silva (IESP As Neves), Rocío Dourado Fernández, Lucía Doval Iglesias, Iria Pérez Mariño, Carlos Vázquez García, Guillermo Vidal Fonseca

INFORMÁTICA: César Osorio Peláez

FINANCIAMENTO: Sen financiamento externo específico

PÁGINA WEB: <http://ilg.usc.es/itgm>

AVANCES SIGNIFICATIVOS E RESULTADOS PUBLICADOS EN 2013

En 2013 realizou Manuel Blanco a extracción, identificación e etiquetación dos topónimos presentes no 2º volume da colección diplomática do mosteiro de Celanova (edición de I. Vaquero).

Como complemento posmedieval do ITGM, iniciouse a recolla e codificación das formas toponímicas do *Catastro de Ensenada*. Guillermo Vidal realizou a correspondente a tres coutos da Terra da Barcala (Portor, Bugallido e Logrosa) e Xavier Varela fixo o propio co interrogatorio do couto de San Cristovo das Viñas (A Coruña).

17. TESOURO INFORMATIZADO DA LINGUA GALEGA (TILG)

IP: Antón Santamarina e Ernesto González Seoane

EQUIPO INVESTIGADOR: Lidia López Teixeiro

INFORMÁTICA: César Osorio Peláez

FINANCIAMENTO: Convenio coa Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia

PROXECTOS EN COLABORACIÓN: RILG (<http://sli.uvigo.es/RILG/>)

PÁGINA WEB: <http://ilg.usc.es/TILG/>

AVANCES SIGNIFICATIVOS E RESULTADOS PUBLICADOS EN 2013

- Realoxamento do TILG na web do Instituto da Lingua Galega.
- Desenvolvemento dunha nova aplicación de consulta con novas funcionalidades.
- Revisión do Dicionario da Academia con introdución de novos lemas, acepcións e exemplos extraídos do Tesouro.

18. TESOURO DO LÉXICO PATRIMONIAL GALEGO E PORTUGUÉS

IP: Rosario Álvarez

EQUIPO INVESTIGADOR: Ernesto González Seoane, María Álvarez de la Granja, Xulio Sousa Fernández, César Osorio Peláez, María Beatriz Domínguez Oroña, María Pilar López Suárez, Marta Negro Romero, Rosa Mouzo Villar

COLABORADORES: Alba Cid Fernández, Eduardo Louredo Rodríguez, Isabel Figueira Salgueiros, Xosé Manuel Dopazo Entenza

FINANCIAMIENTO: Axudas de consolidación e estruturación de unidades de investigación do SUG, Secretaría Xeral de Universidades, Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (2013-2016)

ENTIDADES COLABORADORAS: Portugal: Universidade de Coimbra (CELGA), Universidade de Lisboa (CLUL). Brasil: Universidade Federal do Rio de Janeiro, Universidade Estadual de Londrina, Universidade Estadual do Ceará, Universidade Federal do Ceará, Universidade Federal do Maranhão, Universidade Federal de Mato Grosso do Sul, Universidade Federal de Mato Grosso, Universidade Federal do Pará, Universidade Estadual da Paraíba, Universidade Federal da Paraíba, Universidade Federal do Piauí, Universidade Federal de Santa Catarina, Universidade de São Paulo, Universidade Estadual de São Paulo, Universidade Bandeirante de São Paulo, Instituto Federal de Educação, Ciência e Tecnologia de São Paulo, Faculdade Taboão da Serra

PÁGINA WEB: <http://ilg.usc.es/Tesouro/>

AVANCES SIGNIFICATIVOS E RESULTADOS PUBLICADOS EN 2013

Durante o ano 2013 a actividade estivo centrada nas seguintes liñas de traballo:

- a. Coordinación xeral de todo o proxecto, con seguimento especial da incorporación das primeiras obras do Brasil.
- b. Mellora da interface, no marco dos traballos previos para a inmediata apertura ao público.
- c. Incorporación de novas obras galegas (no momento de redactar esta memora son 49 as que figuran no corpus editado).
- d. Revisión exhaustiva do banco de datos, con especial atención á lematización.
- e. Incorporación dunha busca avanzada, que permite tirar o primeiro rendemento á clasificación semántica.
- f. Mellora do sistema xeral de buscas, pensando na comodidade e satisfacción dos usuarios.
- g. Revisión da táboa de corpus e mellora do servizo de inventario.

Léronse dous TFG realizados no marco metodolóxico do proxecto, dirixidos por Rosario Álvarez e María Álvarez de la Granja.

Seminario metodolóxico impartido por Rosario Álvarez na UFPA (Belém, maio de 2013), cos participantes da rexión Norte do Brasil, que deu como resultado a incorporación das dúas primeiras obras deste equipo. Na mesma altura, Rosario Álvarez formou parte do tribunal que xulgou a tese de mestrado sobre a que se está traballando actualmente.

No ano 2013 asinouse convenio entre a USC (ILG) e a UFPA.

TRABALLOS DERIVADOS DESTE PROXECTO

- Xosé Afonso Álvarez Pérez / Xulio C. Sousa Fernández (2013): "The Tesouro do Léxico Patrimonial Galego e Portugués. A Galician and Portuguese word bank", *Diialectología, Special issue IV*, 5-24.

- Rosa Mouzo Villar / María López Suárez / Marta Negro Romero (2013): “O Tesouro do Léxico Patrimonial Galego e Portugués. Unha ferramenta para o estudo do léxico [Póster]”. *I Simposio Internacional RELEX. Lexicografía románica: Estado da cuestión*, A Coruña, 15-17 de outubro de 2013.
- María Beatriz Domínguez Oroña (2013): “Tesouro do Léxico Patrimonial Galego e Portugués: análise dos materiais galegos [Póster]”. *XXIX Encontro Nacional da Associação Portuguesa de Lingüística*. Coímbra, 23-25 outubro 2013.
- Álvarez de la Granja, María (no prelo): “O tratamento das expresións pluriverbais no *Tesouro do léxico patrimonial galego e portugués*”, en Julia Sevilla Muñoz (ed.): *Fraseología y Léxico. Un enfoque contrastivo*. Lugo: Axac, 124-136.

TRABALLOS ACADÉMICOS RELACIONADOS CON ESTE PROXECTO

- Traballo de Fin de Grao de Triana Torres Fontán, *O galego de Queizán (O Corgo) no Tesouro do léxico patrimonial galego e portugués. Edición e análise de lemas e variantes* (curso 2012-2013, defensa en setembro de 2013). Dra.: Rosario Álvarez Blanco.
- Traballo de Fin de Grao de Manuel Novo Sánchez *O galego en Zolle (Guntín) no Tesouro do léxico patrimonial galego e portugués. Edición dos materiais e análise de lemas e variantes* (curso 2012/2013, defensa en febreiro de 2014). Dra.: María Álvarez de la Granja.

19. TESOURO MEDIEVAL INFORMATIZADO DA LINGUA GALEGA (TMILG)

17

IP: Xavier Varela Barreiro

EQUIPO INVESTIGADOR: Eduard del Castillo Velasco, Lucía Doval Iglesias

INFORMÁTICA: César Osorio Peláez

FINANCIAMENTO: Convenio coa Secretaría Xeral de Política Lingüística

PROXECTOS EN COOPERACIÓN: RILG (<http://sli.uvigo.es/RILG/>)

PÁGINA WEB: <http://ilg.usc.es/tmilg>

AVANCES SIGNIFICATIVOS E RESULTADOS PUBLICADOS EN 2013

Forma parte do *Tesouro Medieval Galego-Portugués*, o corpus lingüístico medieval de Galicia e Portugal. Dentro del englobase no *Xelmírez*, que representa a ponla galaica do *Tesouro*. Nela acolle os textos medievais en romance galego.

A mecánica de traballo no *Xelmírez* aborda os textos en dúas fases sucesivas. Primeiramente dixitalízanse os textos (vía OCR ou vía picado manual, co conseguinte labor de revisión e corrección) e aplícaselles unha pre-DTD nun formato básico (TXT). Esta versión permite un primeiro e valioso aproveitamento das obras antes de seren preparadas para o seu procesamento masivo; este só é posible na segunda fase, na que son sometidos ao estándar XML. Ao longo do ano 2013, como cabó do traballo de doutoramento de Ricardo Pichel, quedou fixado o texto da nova edición da *Historia troiana* (2ª metade do séc. XIV), con observación da diferenza, mediante cursivas, entre formas patentes e formas abreviadas. Tamén foi obxecto de informatización codificada a documentación do *Tombo Vello* da Catedral de Lugo. Por súa vez, foi completamente revisada a versión informatizada dos *Altgalizische Urkunden* de Margot Sponer (1935) e incorporada a ela a distinción, mediante o uso de cursivas, entre formas patentes e formas abreviadas. O proceso de conversión de textos ao formato XML leva as obras á versión definitiva para o seu aproveitamento masivo a través de Internet. En 2013 non se adaptou obra ningunha.

Está coordinado con outros proxectos propios do ILG e con proxectos doutras universidades. Da súa parte o equipo do TMILG, xuntamente co do TILG e os dos dicionarios de dicionarios (moderno e medieval), mantén relación estable co equipo do Seminario de Lingüística Informática Universidade de Vigo, co que mantén a plataforma RILG.

20. TESOURO MEDIEVAL INFORMATIZADO DA LINGUA CASTELÁ (TMILC-G)

IP: Xavier Varela Barreiro

EQUIPO INVESTIGADOR: Raquel Alonso Parada, Eduard del Castillo Velasco, Lucía Doval Iglesias

INFORMÁTICA: César Osorio Peláez

FINANCIAMENTO: Convenio coa Secretaría Xeral de Política Lingüística

PROXECTOS EN COOPERACIÓN: RILG (<http://sli.uvigo.es/RILG/>)

PÁGINA WEB: <http://sli.uvigo.es/xelmirez/index.html>

AVANCES SIGNIFICATIVOS E RESULTADOS PUBLICADOS EN 2013

Forma parte do *Tesouro Medieval Galego-Portugués*, o corpus lingüístico medieval de Galicia e Portugal. Dentro del englóbase no *Xelmírez*, que representa a ponla galaica do *Tesouro*. Nela acolle os textos medievais en romance castelán.

En 2013 codificáronse e preparáronse os documentos ou fragmentos en castelán das obras incorporadas ao XELMÍREZ.

21. TESOURO MEDIEVAL INFORMATIZADO DA LINGUA LATINA (TMILL-G)

IP: Xavier Varela Barreiro

EQUIPO INVESTIGADOR: Eduard del Castillo Velasco, Lucía Doval Iglesias

INFORMÁTICA: César Osorio Peláez

FINANCIAMENTO: Convenio coa Secretaría Xeral de Política Lingüística

PROXECTOS EN COOPERACIÓN: RILG (<http://sli.uvigo.es/RILG/>), LEMA (proxecto MINECO dirixido por Ana Suárez (USC) (<http://ilg.usc.es/LEMA/>))

PÁGINA WEB: <http://sli.uvigo.es/xelmirez/index.html>

AVANCES SIGNIFICATIVOS E RESULTADOS PUBLICADOS EN 2013

Forma parte do *Tesouro Medieval Galego-Portugués*, o corpus lingüístico medieval de Galicia e Portugal. Dentro del englóbase no *Xelmírez*, que representa a ponla galaica do *Tesouro*. Nela acolle os textos medievais en latín.

Codificáronse e preparáronse os documentos ou fragmentos en latín das obras incorporadas ao XELMÍREZ e das obras convertidas ao formato XML (véxase *TMILG*).

Especificamente, foron procesadas co formato XML as seguintes obras: o Tombo de Celanova (edición de J.M. Andrade), os Tombos de Sobrado dos Monxes (edición de Loscertales), o Tombo de Samos (edición de M. Lucas), o Tombo de Xuvia (edición de Montero Díaz) e o Tombo de San Pedro de Montes (edición de A. Quintana).

22. TESOURO MEDIEVAL INFORMATIZADO DA LINGUA PORTUGUESA (TMILP)

IP: Xavier Varela Barreiro

EQUIPO INVESTIGADOR: Lucía Doval Iglesias

INFORMÁTICA: César Osorio Peláez

FINANCIAMENTO: Sen financiamento externo específico

PROXECTOS EN COOPERACIÓN: Corpus Informatizado do Português Medieval (Maria Francisca Javier - Universidade Nova de Lisboa) (<http://cipm.fcsh.unl.pt/>)

23. TESOURO MEDIEVAL INFORMATIZADO DA LINGUA LATINA - PORTUGAL (TMILL-P)

IP: Xavier Varela Barreiro

EQUIPO INVESTIGADOR: Lucía Doval Iglesias

INFORMÁTICA: César Osorio Peláez

FINANCIAMENTO: Sen financiamento externo específico

24. AMPER GALICIA

IP: Elisa Fernández Rei

EQUIPO INVESTIGADOR: Xosé Luís Regueira, Francisco Dubert, Lurdes de Castro Moutinho, Antonio Romano, Sonia Gómez Castro, Adela Martínez Calvo, Alba Aguete, César Osorio Peláez

FINANCIAMENTO: Achegas recibidas do grupo de investigación FILG, da rede de investigación TECANDALI (CN2012/179) e da Dirección General de Investigación (MICINN) a través do proxecto Estudio perceptivo de la variación prosódica dialectal del gallego (FFI2009-12738).

PROXECTOS EN COOPERACIÓN: Vinculación estreita co Grupo de investigación de Ciencias da Linguagem (LT Variação lingüística) e AMPER POR, coordinado por Lurdes de Castro Moutinho.

PÁGINA WEB: <http://ilg.usc.es/percepcion/>

PLATAFORMA PARA A CREACIÓN, DIFUSIÓN E ANÁLISE DE EXPERIMENTOS PERCEPTIVOS: <http://ilg.usc.es/FOLERPA/>

AVANCES SIGNIFICATIVOS E RESULTADOS PUBLICADOS EN 2013

Os avances más importantes leváronse a cabo en dúas liñas:

- Dialectometría: confeccionouse un script en R para a análise dialectométrica da distancia entre variedades prosódicas. Grazas a esta ferramenta comezouse o estudo da distancia prosódica entre variedades galegas e portuguesas a partir dos datos con que contamos nos grupos de AMPER-Galicia e de AMPER-Portugal (de momento, só cos datos do PE).
- Estudo perceptivo: a través dunha colaboración co grupo de investigación FILG e coa rede de investigación TECANDALI, desenvolveuse a versión en probas de FOLERPA (Ferramenta On-Line para ExpeRimentación PerceptivA). Esta plataforma consiste nun conxunto de ferramentas que se ofrecerán en aberto e que permitirán confeccionar tests perceptivos a través dun formulario, difundilos e distribuílos vía web entre os xuíces e, finalmente, obter as táboas de datos coas respuestas, así como unha estatística descriptiva básica.

TRABALLOS RELACIONADOS CON ESTE PROXECTO

- Fernández Rei, Elisa / Lurdes de Castro Moutinho / Rosa Lídia Coimbra (2013): "Abordagem dialectométrica das variedades prosódicas do Galego o do Português". *II Jornadas de Ciências da Linguagem*. Aveiro (Portugal).
- Fernández Rei, Elisa / Lurdes de Castro Moutinho / Rosa Lídia Coimbra (2013): "Achega ao estudo diacrónico das prosodias galega e portuguesa". *XXXIII Romanistentag (sección Prosodie und Sprachkontakt in der Romania)*. Würzburg (Alemaña).
- Fernández Rei, Elisa / Lurdes de Castro Moutinho / Rosa Lídia Coimbra (2013): "As entoacións galega e portuguesa: a súa fronteira á luz da dialectometría". Simposio ILG 2013: *Lingua e identidade na fronteira galego-portuguesa*. Santiago de Compostela, 28 novembro-3 decembro 2013.
- Fernández Rei, Elisa (2013): "Estudo perceptivo das distancias prosódicas dialectais". *Xornadas de Dialectoloxía Perceptiva*. Santiago de Compostela. Dispoñible en: <http://ilg.usc.es/tecandali/Descargas/ElisaFernandezRei.pdf>
- Fernández Rei, Elisa (2013): "A distancia prosódica percibida entre galego e portugués por falantes galegos". *XXXIII Romanistentag (sección Prosodie und Sprachkontakt in der Romania)*. Würzburg (Alemaña).
- Fernández Rei, Elisa / Adela Martínez Calvo (2013): "Proposta de análise dialectométrica da prosódia galega [Póster]". *XXIX Encontro Nacional da Associação Portuguesa de Lingüística*. Coímbra (Portugal).

20

25. REDE DE TECNOLOGÍAS E ANÁLISE DE DATOS LINGÜÍSTICOS TECANDALI

Durante os anos 2012 e 2013 o grupo de investigación Filoloxía e lingüística galega liderou a rede de investigación Tecnologías e análise de datos lingüísticos (TECANDALI) na que participan grupos de investigación das universidade de Santiago de Compostela e Vigo.

IP: Francisco Dubert García

GRUPOS DE INVESTIGACIÓN PARTICIPANTES: FILGA (Filoloxía e Lingüística Galega), COGRADE (Gráficos por Computador e Enxeería de datos), GSI (Grupo de sistemas intelixentes), MODESTYA (Modelización Estatística e Aplicacións), TALG (Tecnologías e Aplicacións da Lingua Galega) e GTM (Grupo de Tecnología Multimedia)

FINANCIAMIENTO: Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (Xunta de Galicia)

AVANCES SIGNIFICATIVOS E RESULTADOS PUBLICADOS EN 2013

A rede funcionou cun modelo de convocatorias internas de pequenos proxectos colaborativos que actuasen como tractores reais e prácticos da colaboración. Os proxectos promoveron desenvolvimentos que serviron para intensificar a colaboración pre-existente entre equipos ou as novas colaboracións emerxentes entre equipos que non tivesen traballado conxuntamente no pasado. A inversión de recursos da rede para a realización destes proxectos precisou principalmente a contratación de novos investigadores que colaboraron na producción de ferramentas e demostradores lingüísticos, traballando de maneira interdisciplinar: un enxeñeiro para colaborar na interacción entre GTM-UVIGO e FILGA-USC no proxecto CORILGA; outro enxeñeiro para traballar no WordNet galego, entre GSI-USC e TALG-UVIGO; e dúas lingüistas que colaboraron en CORILGA e no proxecto dialectométrico e de dialectoloxía perceptiva.

B. PROXECTOS PROMOVIDOS POR OUTRAS INSTITUCIÓNS

1. ADQUISICIÓN DE ESCENARIOS DE CONOCIMIENTO A TRAVÉS DE LA LECTURA DE TEXTOS: DESARROLLO Y APLICACIÓN DE RECURSOS PARA EL PROCESAMIENTO LINGÜÍSTICO DEL GALLEGO (SKATER-UVIGO)

IP: Xavier Gómez Guinovart

ORGANISMO: Universidade de Vigo

FINANCIAMIENTO: Ministerio de Economía y Competitividad

CONTÍA DA SUBVENCIÓN: 22 340 euros

NÚMERO DE INVESTIGADORES PARTICIPANTES: 7

DURACIÓN: 3 años (2013-2015)

PARTICIPANTES ILG: María Álvarez de la Granja, Alexandre Rodríguez Guerra

2. DICTIONNAIRE ÉTYMOLOGIQUE ROMAN (DÉROM). DEUXIÈME PHASE: LE NOYAU PANROMAN 2

IP: Eva Buchi & Wolfgang Schweickard

ENTIDADES PARTICIPANTES: ATILF (CNRS) / Univ. Lorraine; Univ. Saarlandes (coords.)

FINANCIAMIENTO: ANR/DF - Programme franco-allemand en Sciences Humaines et Sociales

CONTÍA DA SUBVENCIÓN: 368 000 euros

NÚMERO DE INVESTIGADORES PARTICIPANTES: 51

DURACIÓN: 2012-2014

PARTICIPANTES ILG: Xosé Afonso Álvarez Pérez

3. LIBROS, MEMORIA Y ARCHIVOS: CARTULARIOS MONÁSTICOS DEL NOROESTE PENINSULAR (SS. XII Y XIII)

IP: Ana Suárez González (Facultade de Historia)

EQUIPO INVESTIGADOR: Xavier Varela Barreiro (ILG), Ricardo Pichel Gotérrez (ILG) e F. Antonio Chacón Monedero (UAM)

FINANCIAMIENTO: Ministerio de Economía y Competitividad (ref. HAR 2009-09529)

DURACIÓN: 2010-2013

PARTICIPANTES ILG: Xavier Varela Barreiro e Ricardo Pichel Gotérrez

4. PROYECTO DE RECOPILACIÓN, ANÁLISIS Y NORMALIZACIÓN DE LA TOPONIMIA ANDALUZA

IP: M^a Dolores Gordón Peral

ORGANISMO: Universidad de Sevilla

FINANCIAMIENTO: Junta de Andalucía

PARTICIPANTES ILG: Ana Isabel Boullón Agrelo

PÁGINA WEB: http://investigacion.us.es/sisius/sis_proyecto.php?idproy=16068

5. PAREMIOLOGÍA ROMANCE: REFRANES METEOROLÓGICOS Y TERRITORIO

IP: José Enrique Gargallo Gil

ENTIDADES PARTICIPANTES: Univ. Barcelona (coord.); Università Milano-Bicocca; Centro de Linguística da Universidade de Lisboa; Univ. Nice; Universidad de Santiago de Compostela; Univ. Zadar

FINANCIAMIENTO: Ministerio de Ciencia e Innovación

CONTÍA DA SUBVENCIÓN: 18 150 euros

DURACIÓN: 2012-2014

NÚMERO DE INVESTIGADORES PARTICIPANTES: 10

PARTICIPANTES ILG: Xosé Afonso Álvarez Pérez

6. COBRIR O CORPO

IP: Paula Godinho

ORGANISMO: Instituto de Estudios de Literatura Tradicional (IELT)

PARTICIPANTE ILG: Marta Negro Romero

Renovación da páxina web

O mércores 23 de outubro de 2013 presentouse a nova versión da web do ILG. O novo portal conta cun deseño e cunha estrutura completamente renovados. Mediante a nova plataforma, máis dinámica e intuitiva, pódese aceder de xeito libre e sen restricións ás ferramentas de consulta e explotación dos datos lingüísticos elaboradas como resultado dos proxectos de investigación desenvolvidos polos equipos de traballo do centro. Igualmente, o novo portal permite, entre outras funcionalidades, consultar as publicacións dos investigadores do Instituto, consultar os proxectos e as actividades que desenvolve o centro e coñecer a institución, os seus membros e as novedades que teñen que ver con eles.

Instituto da Lingua Galega

- INICIO
- ACTIVIDADES
- PROXECTOS
- PERSOAL
- PUBLICACIÓNS
- RECURSOS
- CONTACTO

O Instituto

- O Instituto
- Biblioteca
- Investigadores visitantes
- Memorias anuais
- Novedades
- Directorio

Novidades

02/07/14 Cursos de verán de lingua e cultura galegas 2014	30/01/14 Chamamento para contribucións (Call for papers)	23/06/14 CODILIS3	15/05/14 I Simposium Internacional EDISO 2014
Estes cursos están dirixidos a persoas de fóra de Galicia, coa finalidade de ofrecerles a oportunidade de familiarizarse coa lingua galega e coa realidade sociocultural de Galicia.	A revista <i>Estudos de Lingüística Galega</i> fai unha chamada para o envío de contribucións que serán publicadas no número 7 (2015). O prazo para a recepción de traballos remata o 15 de novembro de 2014.	Entre o 23 e o 25 de xuño terá lugar o III Coloquio Internacional sobre Corpus Diacrónicos en Lenguas Iberorrománicas (CODILIS3) na Universitat Zürich.	Entre o 15 e o 16 de maio celebrarase en Sevilla o I Simposium Internacional EDISO 2014, organizado pola Asociación de Estudios sobre Discurso y Sociedad (EDISO).

Proxectos e resultados

GHLG	TMII I - P	Edición da colección diplomática dos documentos galegos	Diccionario de dicionarios da Lingua galega (DdD)
Gramática Histórica da Lingua Galega (GHLG)	Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Latina - Portugal	Edición da colección diplomática dos documentos galegos	Diccionario de dicionarios da Lingua galega (DdD)

A seguir ofrécese unha taboa coas consultas á páxina do ILG nesta anualidade:

ENDEREZO WEB	USUARIOS	VISITAS	PÁGINAS VISTAS
Web do ILG http://ilg.usc.es/gl	4217	6923 (60,23% novas)	24 114
Índices do Atlas Lingüístico Galego http://ilg.usc.es/indices/	1660	2262 (71,71% novas)	6702
Portal de Ditados Tópicos Galegos http://ilg.usc.es/ditados/	636	961 (62,54% novas)	3967
Cartografía dos Apelidos de Galicia http://ilg.usc.es/cag/	18 002	26 116 (67,31% novas)	145 038
AMPER-Galicia http://ilg.usc.es/amper/	277	644 (41,30% novas)	5468
Asociación Galega de Onomástica http://ilg.usc.es/agon/	2001	3307 (58,15% novas)	7475
Arquivo do Galego Oral http://ilg.usc.es/ago/	1037	1798 (55,01% novas)	7393
Dicionario de pronuncia da lingua galega http://ilg.usc.es/pronuncia/	8236	15 668 (50,34% novas)	115 055

Organización de cursos, conferencias e encontros lingüísticos

A. XXVI EDICIÓN DOS CURSOS DE LINGUA E CULTURA GALEGAS PARA ESTRANXEIROS E PARA ESPAÑOIS DE FÓRA DE GALICIA

DIRECTOR: Manuel González González

SECRETARIA: Ana García García

Entre o 4 e o 24 de xullo de 2013 celebrouse en Santiago de Compostela a XXVI edición dos *Cursos de lingua e cultura galegas para estranxeiros e para españois de fóra de Galicia*, coorganizados pola Real Academia Galega e o Instituto da Lingua Galega da USC e financiados pola Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia. O 5 de xullo, no Salón de actos da Facultade de Filosofía da USC, celebrouse o acto de inauguración, no que interviñeron o director dos Manuel González González, o director do Instituto da Lingua Galega Ernesto González Seoane, o secretario xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia Valentín García Gómez, o presidente da Real Academia Galega Xesús Alonso Montero e o vicerreitor de Relacións Exteriores e Internacionalización da USC Víctor Millet Schröder, que presidiu o acto. O acto de clausura tivo lugar o 24 de xullo no Salón de Actos da Facultade de Filosofía da USC, ás 12:00 horas. Interviñeron o director dos Manuel González González, o director do Instituto da Lingua Galega Ernesto González Seoane, o secretario xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia Valentín García Gómez e o presidente da Real Academia Galega Xesús Alonso Montero, que presidiu o acto.

Na edición de 2013 participaron 73 alumnos e alumnas procedentes de 26 estados diferentes de Europa, América e Asia: Alemaña, Armenia, Arxentina, Austria, Brasil, Cuba, España, Estonia, EUA, Finlandia, Francia, Grecia, Hungría, Irán, Irlanda, Italia, Kazakhstan, México, Polonia, Portugal, Reino Unido, República Checa, Romanía, Rusia, Suíza, e Ucraína.

Segundo o seu nivel de coñecemento da lingua galega dividíronse en dous grupos elementais, dous de nivel medio e un Curso superior de Filoloxía Galega. O nivel *Elemental 1* (13 estudiantes) estivo a cargo de Carolina Pérez Capelo; o *Elemental 2* (10 estudiantes), a cargo de Noemi Basanta Llanes; o *Medio A* (10 estudiantes), a cargo de Ana Fachal Fraguella, e o *Medio B* (19 estudiantes) a cargo de M^a do Carme Pazos Balado. No *Curso superior de Filoloxía Galega* (20 estudiantes) impartíronse catro seminarios sobre *Temas de lingüística galega* (Xosé Luís Regueira Fernández), *Variación e cambio lingüístico no galego actual* (Rosario Álvarez Blanco), *Formación e historia social da lingua galega* (Carme Hermida Gulías) e *Leccións de literatura galega contemporánea* (Xosé Manuel Salgado Rodríguez e Xesús Alonso Montero).

A docencia complementouse con diversas actividades formativas:

- Impartíronse dez **conferencias**, a cargo de Xosé Ramón Barreiro Fernández, "Introdución á Historia Contemporánea de Galicia"; Rosario Álvarez Blanco, "De Ortegal a Faro: panorámica xeolingüística da fachada atlántica da península ibérica"; Alba Nogueira López, "A protección xurídica das linguas nun mundo globalizado"; Manuel González González, "A lingua galega na encrucillada"; María Xosé Silvar Fernández, "Músicas tradicionais: cultura musical e identidade"; Marcial Gondar Portasany, "O pasado como horizonte: cultura galega e cambio social", e Xesús Alonso Montero, "No bicentenario do romance *Rogos dun escolar gallego á Virxe do Bo acerto pra que libre á terra da Inquisición* (A Coruña, 1813) e o seu autor Manuel Pardo de Andrade (1762-1832)".
- Realizáronse dez sesións con **proxeccións** cinematográficas en galego: documentais *Historias de Galicia* [cap. "Lingua de reis, lingua do pobo"] e *A memoria da lingua*; curtametraxes *Dúas letras*, *A residencia*, *A teoría do espello*, *Bechos raros* e *A xaguarana*, e filmes *Doentes*, *Vilamor* e *O Apóstolo*.
- Realizouse unha **xornada completa de inmersión lingüística e cultural**, á que asistiu a maioría do estudiantado, que tiña como finalidade coñecer as bisbarras da paisaxe galega e a arte e a cultura popular de cada zona, neste caso de Noia, Baroña, Axeitos, Coroso e Rianxo (13 de xullo). De mañá fixose a visita a Noia e Baroña, guiados por Ramón Blanco, e ao dolmen de Axeitos, coa guía correspondente. Xantou cadaquén a comida que levou ao carón da praia de Coroso. A partir das 17:30 horas visitouse a vila de Rianxo, guiados por Xosé Luís Axeitos, que tamén guiou o alumnado na casa-museo de Manuel Antonio.
- Realizáronse diversas **actividades extraacadémicas** con carácter voluntario: *Visita guiada pola zona monumental de Santiago de Compostela* (4 de xullo), a cargo de Francisco Fernández Rei; *Visita ao Museo do Pobo Galego e ao Panteón de Galegos Ilustres* (16 xullo), guiada por Francisco Fernández Rei; *Visita á Cidade da Cultura de Galicia* (17 xullo), onde se contou cunha guía oficial e co acompañamento das profesoras Noemi Basanta e Ana Fachal; *Visita á Casa de Rosalía* (15 xullo), para asistir en Padrón ó acto da *Conmemoracion do 128º Aniversario do Pasamento de Rosalía de Castro*, organizado pola Fundación Rosalía de Castro.
- Celebración de **recitais poéticos** (9 e 10 xullo), organizados por iniciativa de membros da organización e do que fora profesor dos cursos noutras edicións, Gonzalo Hermo González, e nos que participaron poetas de recoñecido prestixio.
- O 19 de xullo, despois das actividades da mañá, celebrouse no souto do Xirimbaio (Teo), onde o río Ulla fai de estrema das provincias da Coruña e Pontevedra, o tradicional *Encontro de confraternización do alumnado e do profesorado*.

B. SIMPOSIO ILG 2013

Simposio Lingua e identidade na fronteira galego-portuguesa (Santiago de Compostela, 28 novembro - 3 decembro de 2013), organizado polo Instituto da Lingua Galega, en colaboración co Consello da Cultura Galega e o Instituto de Estudos de Literatura Tradicional da Faculdade de Ciéncias Sociais e Humanas da Universidade Nova de Lisboa

COMITÉ ORGANIZADOR: Marta Negro Romero, Rosario Álvarez Blanco, Xulio Sousa Fernández, Eduardo Louredo Rodríguez e Raquel Vila Amado

COMITÉ CIENTÍFICO: Ana Paula Guimarães (IELT-UNL), Paula Godinho (IELT-UNL), Ernesto González Seoane (USC), Ernestina Carrilho (CLUL-UL), Margarita Ledo (USC)

O simposio *Lingua e identidade na fronteira galego-portuguesa* centrou a súa atención, como o seu nome indica, na raia. Pouco se coñece dos criterios con que foi trazada en orixe a fronteira nin, polo tanto, en que medida respondía a trazos antropolóxicos, lingüísticos, xeográficos ou doutro teor. A raia atravesou as terras do antigo reino de Galicia e partiu en dous o territorio constitutivo do protorromance galego, do que logo habían xurdir a lingua galega e a lingua portuguesa. As vicisitudes históricas dunha e outra foron consolidando a raia como unha fronteira tamén lingüística que cómpre estudar con perspectivas renovadas. Mais desde o punto de vista lingüístico a raia ten outra característica non exenta de misterio: distintos estudos mostran que en localidades raianas existen variantes non compartidas nin cos veciños galegos nin cos veciños portugueses, pois só se dan —en Galicia ou en Portugal— lonxe de alí.

Este simposio ten como obxectivo aprender a contemplar as fronteiras non como liñas divisorias senón como espazos de convivencia e intercambio, así como de creación dun tipo de cultura propio das áreas fronteirizas. Esa perspectiva centrou o interese deste simposio para propoñer esta nova ollada desde múltiples enfoques interdisciplinares: desde a historia, a xeografía, a antropoloxía, o cinema e, naturalmente, a lingüística.

Participaron como conferenciantes no simposio: Luis M. García Mañá (RAG / Ministerio de Interior), Xosé Carlos Baliñas Pérez (USC), Augusto Pérez Alberti (USC), William Kavanagh (Universidad CEU San Pablo), Irene Santos Raña (ILG-USC), Soraya Suárez Quintas (ILG-USC), José Enrique Gargallo Gil (Universitat de Barcelona), Paula Godinho (IELT – Universidade Nova de Lisboa), Xosé Afonso Álvarez Pérez (Universidade de Lisboa), Rosa Mouzo Villar (ILG-USC), Carolina Pérez Capelo (ILG-USC), Helena Pousa (IES San Paio), Elisa Fernández Rei (ILG-USC) e Sílvia Pereira (Universidade de Lisboa). Nos vindeiros meses publicarase un libro de actas do simposio no que se recollerán todas as contribucións.

Todas as sesións contaron cunha importante participación, tanto por parte das 36 persoas matriculadas como doutros asistentes interesados no tema. As enquisas realizadas o derradeiro día reflecten, en xeral, unha gran satisfacción en canto á temática e ao desenvolvemento deste simposio.

C. COLOQUIO LINGÜÍSTICA HISTÓRICA

Páxina web: <http://ilg.usc.es/gl/actividades/io-colocoloquio-linguistica-historica>

Entre o 1 e o 4 de xullo de 2013 tivo lugar na Facultade de Filoloxía o *Iº Congreso “Lingüística Histórica”*, organizado polo Instituto da Lingua Galega (Proxecto Xelmírez) e patrocinado pola Xunta de Galicia. A dirección do curso estivo a cargo de Xavier Varela Barreiro e a secretaría, de Lucía Doval Iglesias e Eduard del Castillo Velasco.

Mediante este congreso, a través de máis dunha ducia de expertos na materia, realizouse unha revisión e posta ó día dos avances nos estudos de lingüística histórica e galega, unha presentación das experiencias investigadoras nos ámbitos lingüísticos e unha reflexión sobre a importancia da actualización dos coñecementos nesta disciplina.

Participaron como conferenciantes: Antón Figueroa Lorenzana (USC), Juan Pedro Sánchez Méndez (Université de Neuchâtel – Suíza), Joan Torruella (ICREA / Universitat Autònoma de Barcelona), José Ramón Morala (Universidad de León), Esperança Cardeira (Universidade de Lisboa), Ramón Mariño Paz (ILG-USC), Paulo Martínez Lema (ILG / Universidad de Deusto), Francisco Dubert García (ILG-USC), Pedro Dono (Universidade do Minho – Braga), Xavier Gómez Guinovart (ILG / UVigo), Eduardo Moscoso (ILG-USC), Manuel Ferreiro (UdC), Ana Suárez González (USC), Xavier Varela Barreiro (ILG-USC), Ricardo Pichel Gotérrez (ILG / Universidad Complutense de Madrid), Alexandre Rodríguez Guerra (ILG / UVigo).

Ademais das quince conferencias, o último día impartiuse unha “Sesión práctica de utilización e aproveitamento dos procedementos e da información contidos nos recursos dispoñibles para o desempeño da lingüística histórica, a cargo de Eduard del Castillo Velasco, Lucía Doval, Eduardo Moscoso e Xavier Varela.

D. CURSO DE VERÁN

Páxina web: <http://ilg.usc.es/es/actividades/toponimia-interpretacion-e-actuacion>

Entre o 16 e o 19 de xullo de 2013 tivo lugar nas facultades de Filosofía e Filoloxía o curso de verán *Toponimia: interpretación e actuación*. Os obxectivos deste curso foron dar a coñecer a historia da conformación toponímica do territorio, as implicacións da toponimia con outras disciplinas (xeografía, marco xurídico, arqueoloxía e paisaxe, antropoloxía, literatura) e incentivar a realización de actividades de recollida toponímica e de normalización lingüística.

A directora do curso foi Ana Isabel Boullón Agrelo e o secretario, Gonzalo Hermo González. A actividade contou cun elevado número de asistentes (72), que asistiron de forma continuada e participaron en debates suscitados en torno ós temas expostos, o que demuestra o interese que espertan os actos concibidos co fin de divulgar os estudos onomásticos e sensibilizar arredor da conservación e coidado do noso patrimonio toponímico.

Dispensáronse 12 conferencias, e tiveron lugar catro obradoiros e dúas mesas redondas. Participaron como conferenciantes: Antón Santamarina (ILG-USC), Paulo Martínez Lema (ILG / Universidade de Deusto), Carlos Búa Carballo (Universidade de Heidelberg), Valerià Carril i Paül (USC), Xosé Lois Vilar Pedreira (Instituto de Estudios Miñoranos), Anxo Angueira Viturro (UVigo), Xesús Ferro Ruibal (RAG), Luz Méndez Fernández (ILG-USC), Alba Nogueira López (USC), Gonzalo Navaza Blanco (ILG/UVigo), Antón Palacio Sánchez (ILG/UVigo), Marta Souto González (SNL Concello de Vigo), Raquel Rodríguez Parada (ILG-USC), Xulia Marqués Valea (IES Castro Alobre), Vicente Feijoo Ares (RAG).

As persoas que acadaron o diploma tiñan dereito a dous créditos de libre configuración, no caso dos estudiantes universitarios, e a homologación como curso de formación por parte da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria por 30 horas lectivas, para os profesores de ensino non universitario. Concedéronse 8 axudas para a recollida de microtoponimia sufragadas pola Mancomunidade Arousa Norte (Rianxo, Ribeira, A Pobra do Caramiñal, Boiro) e mais os concellos de Touro e Rois.

E. CURSO BÁSICO DE ESTATÍSTICA PARA LINGÜISTAS

Páxina web: <http://ilg.usc.es/es/actividades/curso-basico-de-estatistica-para-linguistas-0>

O Instituto da Lingua Galega, en colaboración coa Rede de investigación Tecnoloxía e análise dos datos lingüísticos, o Grupo de investigación Filoloxía e Lingüística Galega (GI-1743) e o Grupo de investigación Modelos de Optimización, Decisión, Estatística e Aplicacións (GI-1914), organizou un *Curso básico de estatística para lingüistas*. O obxectivo desta actividade, realizada entre o 10 e o 18 de decembro de 2013, foi familiarizar os lingüistas coas técnicas estadísticas básicas que se utilizan habitualmente nas súas árees de investigación (fonética, lingüística de corpus, sociolingüística, onomástica, variación lingüística, etc.).

O curso, dirixido a profesorado, investigadores en formación e alumnado de máster e doutoramento, organizouse en varios módulos nos que se presentaron os métodos clásicos da estatística descriptiva (módulo 1) e da estatística inferencial (módulo 2), o estudo da correlación entre variables e os modelos de regresión (módulo 3) e as técnicas básicas da análise multivariante (módulo 4). Cada un destes módulos constou dunha sesión teórica (impartida pola profesora Rosa Crujeiras), na que se introduciron os distintos métodos estadísticos, e unha sesión práctica (impartida polas profesoras Adela Martínez Calvo e M^a José Ginzo Villamayor), na que se aplicaron estes métodos a exemplos prácticos.

F. IV ENCONTRO WEDISYN SOBRE VARIACIÓN SINTÁCTICA

Páxina web: http://ilg.usc.es/Wedisyn_2013/

A rede de investigación en sintaxe dialectal Wedisyn (*Dialect Syntax in Westmost Europe*) reúne investigadores que se dedican ó estudo da sintaxe dialectal de variedades lingüísticas faladas no extremo occidental da Europa continental. A rede principiou as súas actividades en 2009 baixo a coordinación do proxecto Basdisyn e na actualidade participan nela investigadores de oito variedades lingüísticas: asturiano, bretón, catalán, español, galego, occitano, portugués e vasco.

Os días 18 e 19 de abril de 2013 celebrouse na Universidade de Santiago de Compostela o seu IV encontro, que foi organizado polo grupo de investigación FILGA e o Instituto da Lingua Galega. O comité organizador estivo formado por: Xulio Sousa (dir.), Rosario Álvarez, Ernestina Carrilho, Beatriz Fernández e Xulio Viejo.

Ó longo dos dous días realizáronse más dunha ducia de conferencias sobre temas relacionados coa sintaxe das diferentes linguas. Participaron como conferenciantes: Xulio Viejo (UO), Enrique Pato (UM), Carlota de Benito (UAM), Sandra Pereira (CLUL-UL), Beatriz Fernández (UPV/EHU), Sílvia Pereira (CLUL-UL), Rosa Mouzo Villar (ILG-USC), Carolina Pérez Capelo (ILG-USC), Aitor Lizardi (UPV/EHU), Pablo Albizu (UPV/EHU), Arantzazu Elordieta (UPV/EHU), Bill Haddican (CUNY - Queens College), Ernestina Carrilho (CLUL-UL), María Lobo (UNL), Eduardo Louredo (ILG-USC), Víctor Lara (UAM) e Rosario Álvarez (ILG-USC).

Ademais das conferencias, realizouse un obradoiro sobre *Sintaxe dialectal: métodos de obtención de datos*, impartido por: Rosario Álvarez, Ernestina Carrilho e Carlota de Benito.

G. SIMPOSIO METODOLOXÍA PARA O ESTUDO PERCEPTIVO DA VARIACIÓN PROSÓDICA DIALECTAL

Páxina web: <http://ilg.usc.es/tecandali/index.php/programa>

Entre o 17 e o 18 de xaneiro de 2013 tivo lugar o simposio *Metodoloxía para o estudo perceptivo da variación prosódica dialectal*, organizado pola Rede de Tecnoloxías e Análise dos Datos Lingüísticos TECANDALI, da que forma parte o Instituto da Lingua Galega. Membros do comité organizador: Elisa Fernández Rei (dir.) / María José Ginzo Villamayor (secr.) / Rosa Crujeiras Casais / Xulio Sousa.

Realizáronse unha serie de actividades encamiñadas a fornecer unha visión multidisciplinar dos estudos de dialectoloxía perceptiva. Os obxectivos perseguidos por este simposio foron: discutir aspectos metodolóxicos relativos á análise perceptiva en xeral e á confección dos tests perceptivos en particular; estudar vías para o confrontamento e o estudo conxunto dos resultados obtidos; debater métodos para a análise dos datos obtidos; situar os estudos perceptivos existentes no ámbito da prosodia dialectal, e propoñer o desenvolvemento de ferramentas e aplicacións que faciliten a investigación no ámbito da dialectoloxía perceptiva.

Para conseguir estes obxectivos, impartíronse unha serie de conferencias por parte de diferentes profesionais, que se alternaron cunha serie de cursos, seminarios e talleres de traballo. Participaron como conferenciantes: Xulio Sousa (ILG-USC), Albert Rilliard (LIMSI, CNRS – Francia), Antonio Romano (Università degli Studi di Torino - Italia), Lurdes de Castro Moutinho (Universidade de Aveiro), Victoria Marrero (UNED), Elisa Fernández Rei (ILG-USC), M^a José Ginzo Villamayor (Modestya-USC).

Actividade dos investigadores

A. COMUNICACIÓN EN CONGRESOS E ENCONTROS CIENTÍFICOS

Álvarez Blanco, Rosario (2013): "Constituição e consolidação da fronteira galego-portuguesa. A difusão do léxico". *IV CIELLA. Congresso internacional de estudos linguísticos e literários na Amazônia*. Universidade Federal do Pará (UFPA). Belém (Pará, Brasil), 23-26 de abril de 2013.

Álvarez Blanco, Rosario (2013): "O idioma galego na obra de Manuel Pardo de Andrade". *Máscara fóra! Homenaxe a Manuel Pardo de Andrade no bicentenario da publicación de Rogos dun gallego*. A Coruña – Santiago de Compostela – Oleiros, 5-21 de novembro de 2013.

Álvarez Blanco, Rosario / Ramón Villares (2013): "Língua Galega". Mesa temática. *II Conferência Internacional sobre o futuro da Língua Portuguesa no Sistema Mundial. Língua portuguesa global – Internacionalização, ciência e inovação*. Lisboa, 29-30 de outubro de 2013.

Álvarez Blanco, Rosario / Xesús Alonso Montero / Xosé Manuel Pereiro (2013): "O galego e os medios de comunicación. A Lei de normalización lingüística. Galicia, 30 anos despois". *XIII Congreso Internacional IBERCOM. Comunicación, cultura e esferas de poder*. Facultade de Ciencias da comunicación, Universidade de Santiago de Compostela, 29-31 de maio de 2013.

Álvarez Pérez, Xosé Afonso (2013): "(Des-)continuidade de léxico dialectal na fronteira galego-portuguesa". *Simpósio ILG 2013: Lingua e identidade na fronteira galego-portuguesa*. Santiago de Compostela, decembro 2013.

Álvarez Pérez, Xosé Afonso (2013): "Considerações sobre a representatividade da Nova proposta de classificação dos dialectos galego-portugueses de Lindley Cintra". *XXIX Encontro Nacional da APL*. Faculdade de Letras da Universidade de Coimbra (Coimbra, Portugal), 23-25 de outubro de 2013.

Álvarez Pérez, Xosé Afonso (2013): "Bora freda e neve in mar, la fin del vento vedo 'rivar. Refráns do vento no mar románico". *Mare Loquens. 2º Colloque international sur l'étymologie et la géolinguistique romanes à la mémoire de Vojmir Vinja (1921-2007)*. Zadar (Croacia), setembro de 2013.

Álvarez Pérez, Xosé Afonso / José Enrique Gargallo / María Reina Bastardas (2013): "ParemiòRom: distribución espacial de refranes meteorológicos romances". *XXVII Congrès International de Linguistique et de Philologie Romanes*. Nancy (Francia), xullo de 2013.

- Basanta Llanes, Noemi (2013): "El papel de las negociaciones temáticas en las construcciones de género". *XXVIII Congreso da Asociación de Jóvenes Lingüistas*. Navarra, 16-18 de outubro de 2013.
- Domínguez Oroña, María Beatriz (2013): "Tesouro do léxico patrimonial galego e portugués: análise dos materiais galegos" [Póster]. XXIX Encontro Nacional da Associação Portuguesa de Linguística. Faculdade de Letras da Universidade de Coimbra (Coimbra, Portugal), 23-25 de outubro de 2013.
- Dubert García, Francisco (2013): "Lascas no verbo galego e portugués: a emerxencia da estrutura morfolóxica". *Iº Coloquio Lingüística Histórica*. Santiago de Compostela, 1-4 de xullo de 2013.
- Dubert García, Francisco (2013): "Inflectional splinter in Galician". *Morphologie flexionnelle et dialectologie romane: typologie(s) et modélisation(s)*, Journée d'études de la Société de Linguistique de Paris. París, 26 de xaneiro de 2013.
- Fernández Rei, Elisa (2013): "Cambios prosódicos no galego actual". *XXVIIe Congrès international de linguistique et de philologie romanes*. Nancy (Francia).
- Fernández Rei, Elisa / Lurdes de Castro Moutinho / Rosa Lídia Coimbra (2013): "Abordagem dialectométrica das variedades prosódicas do Galego o do Português". *II Jornadas de Ciências da Linguagem*. Aveiro (Portugal).
- Fernández Rei, Elisa / Lurdes de Castro Moutinho / Rosa Lídia Coimbra (2013): "Achega ao estudo diacrónico das prosodias galega e portuguesa". *XXXIII Romanistentag (sección Prosodie und Sprachkontakt in der Romania)*. Würzburg (Alemania).
- Fernández Rei, Elisa / Lurdes de Castro Moutinho / Rosa Lídia Coimbra (2013): "As entoacións galega e portuguesa: a súa fronteira á luz da dialectometría". Simpósio ILG 2013: *Lingua e identidade na fronteira galego-portuguesa*. Santiago de Compostela, 28 novembro-3 decembro de 2013.
- Fernández Rei, Elisa (2013): "Estudo perceptivo das distancias prosódicas dialektais". *Xornadas de Dialectoloxía Perceptiva*. Santiago de Compostela. Dispoñible en: <http://ilg.usc.es/tecandali/Descargas/ElisaFernandezRei.pdf>
- Fernández Rei, Elisa (2013): "A distancia prosódica percibida entre galego e portugués por falantes galegos". *XXXIII Romanistentag (sección Prosodie und Sprachkontakt in der Romania)*. Würzburg (Alemania).
- Fernández Rei, Elisa / Adela Martínez Calvo (2013): "Proposta de análise dialectométrica da prosódia galega (Póster)". *XXIX Encontro Nacional da Associação Portuguesa de Lingüística*. Coímbra (Portugal).
- Fernández Rei, Francisco (2013) : "Memoria e Lingua Galega", conferencia no Congreso Internacional *XXX Semana Galega de Filosofía. Filosofía e Memoria*, coorganizado pola Aula Castelao de Filosofía e a Reitoría da Universidade de Vigo (Pontevedra 1-5 abril de 2013).
- Fernández Rei, Francisco (2013): Coloquio sobre o documental *Fronteiras. Un percorrido polos límites xeográficos e culturais de Galicia* (2007), do director Rubén Paridiñas, no Simposio ILG 2013 *Lingua e identidade na fronteira galego-portuguesa*. Santiago de Compostela, 28 de novembro-3 de decembro 2013.
- Gómez Guinovart, Xavier (2013): "O RILG e os seus recursos ao servizo da lingüística histórica". *Iº Coloquio de Lingüística Histórica*. Santiago de Compostela, 1-4 xullo de 2013.
- Gómez Guinovart, Xavier (2013): "Aplicacións da lexicografía computacional ao tratamento da sinonimia". *XV Colóquio de Outono "As Humanidades e as Ciências: Disjunções e Confluências"*. Universidade do Minho, Braga, 23 novembro de 2013.

Memoria de Actividades 2013

- González González, Manuel (2013): "Panorama da lexicografía galega actual". *Simpósio RELEX2013*. Universidade da Coruña, 15 de outubro de 2013.
- Hermo González, Gonzalo (2013): "Toponimia galega e portuguesa na «tenza de Correlhã» (Libro II de tenzas da catedral de Santiago de Compostela, s. XIV) [Póster]". *XXIX Encontro Nacional da Associação Portuguesa de Lingüística*, Coímbra, 23-25 de outubro de 2013.
- López Teixeiro, Lidia / Noa Presas Bergantiños / Tamara Dos Santos Delgado / Alba Barros (2013): "A maleta de Manuel Antonio. Do obxecto ao concepto". *VI Xornadas de Materiais Didácticos. Recursos e materiais didácticos para o ensino en Galego*. Santiago de Compostela, 29-30 de novembro de 2013.
- Loureiro Rodríguez, Eduardo (2013): "Aproximación ao uso do artigo con nome propio a través dos materiais galegos do ALPI". IV Encontro Wedisyn sobre variación sintáctica. Santiago de Compostela, 18-19 de abril de 2013.
- Loureiro Rodríguez, Eduardo (2013): "La evolución diatópica de pór/poñer en la historia del gallego". *XXVIII Congreso Internacional de la Asociación de Jóvenes Lingüistas*. Navarra, 16-18 de outubro de 2013.
- Mariño Paz, Ramón (2013): "Hipercorrección y castellanismo en las leyendas de las miniaturas de los códices T y F de las *Cantigas de Santa María*", en *Tercer Congreso Internacional Tradición e innovación: nuevas perspectivas para la edición y el estudio de documentos antiguos* (Universidad de Salamanca, 5-7 de xuño de 2013).
- Mariño Paz, Ramón (2013): "Variación medieval e posmedieval na expresión do sufijo número-persoal da P2 do pretérito de indicativo en galego". *Iº Coloquio Lingüística Histórica*. Santiago de Compostela, 1-4 de xullo de 2013.
- Martínez Lema, Paulo (2013): "Toponimia e fonética histórica: camiños de ida e volta". *I Coloquio de Lingüística Histórica*. Santiago de Compostela, 1-4 de xullo de 2013.
- Monteagudo Romero, Henrique (2013): "Galego e Português. Convergências e divergências", Conferencia plenaria no *XVII Encontro Internacional de Reflexão e Investigação*. Universidade de Tras-Os-Montes e Alto Douro, Vila Real, 17 de abril de 2013.
- Monteagudo Romero, Henrique (2013): "El gallego, lengua puente", en Mesa semiplenaria 'Otras lenguas / Outras línguas'. *II Congreso Internacional de Profesores de Lenguas Oficiales del Mercosur*. Facultad de Filosofía y Letras- Universidad de Buenos Aires, Buenos Aires, 8 de maio de 2013.
- Monteagudo Romero, Henrique (2013): "La invención del monolingüismo", conferencia plenaria no *V Congreso de Lenguas Minorizadas*. Buenos Aires, 4 de maio de 2013.
- Mouzo Villar, Rosa (2013): "Que nos espere aló moitos anos". O campo semántico da morte no ALPI'. *XXIX Encontro Internacional da APL*. Coímbra, 23-28 de outubro de 2013.
- Mouzo Villar, Rosa / Carolina Pérez Capelo (2013): "As oracións condicionais no ALPI. Unha análise contrastiva do noroeste peninsular". *IV Encontro Wedisyn sobre variación sintáctica*. Santiago de Compostela, 18-19 de abril de 2013.
- Mouzo Villar, Rosa / Carolina Pérez Capelo (2013): "De Vilanova de Arousa a Vila Nova de Foz Côa. Aproximación xeolingüística a través dos materiais do ALPI". *Simpósio ILG 2013: Lingua e identidade na frontera galego-portuguesa*. Santiago de Compostela, 28 novembro-3 de decembro de 2013.
- Mouzo Villar, Rosa / María Pilar López Suárez / Marta Negro Romero (2013): "O Tesouro do léxico patrimonial galego e portugués. Unha ferramenta para o estudo do léxico [Póster]". 1º Simposio internacional RELEX *Lexicografía románica: Estado da cuestión*. Rede de Lexicografía RELEX. Universidade da Coruña, 15-17 de outubro de 2013.

- Nandi, Anik (2013): "Revitalisation/Maintenance of disappearing tribal voices in India through Mother-Tongue-Based Multilingual Education (MTBMLE): Experiences from Orissa and Andhra Pradesh". *46 Conferencia Anual da Asociación Británica de Lingüística Aplicada*. Departamento de Linguas e Estudos Interculturais. Heriot-Watt University (Reino Unido), 5 de setembro de 2013.
- Nandi, Anik (2013): "Bottom-up language policy through Mother-Tongue-Based Multilingual Education: Voices of the Toto people in India". Conferencia internacional *Language Endangerment: Language Policy and Planning*. Centro de Investigación en Artes, Ciencias Sociais e Humanidades. Universidade da Universidade de Cambridge (Reino Unido), 26 de xullo de 2013.
- Negro Romero, Marta / Paula Godinho (2013): "Linhos e nós em Lalín: coser em casa e lides quotidianas numa vila galega". Congresso Trabalho e Movimento Operário, organizado pola Câmara Municipal do Barreiro; o Instituto de Estudos de Literatura Tradicional; o Instituto de História Contemporânea, e a Rede de Estudos do Trabalho, do Movimento Operário e dos Movimentos Sociais em Portugal en Barreiro (Setúbal) o 28 e 29 de novembro de 2013.
- Negro Romero, Marta = Mouzo Villar, Rosa / María Pilar López Suárez / Marta Negro Romero.
- Pérez Capelo, Carolina (2013): "Os nomes do vento en Galicia e Portugal. Un estudo a partir dos datos do ALPI". *XXIX Encontro Nacional da Associação Portuguesa de Lingüística*. Coímbra, 23-25 de outubro de 2013.
- Pérez Capelo, Carolina = Mouzo Villar, Rosa / Carolina Pérez Capelo.
- Pérez Capelo, Carolina = Mouzo Villar, Rosa / Carolina Pérez Capelo.
- Regueira Fernández, Xosé Luís (2013): "Factores internos e externos nos cambios fonológicos no galego actual". *XXXIIe Congrès International de Linguistique et de Philologies Romanes*. Laboratoire ATILF (CNRS & Université de Lorraine) e Société de Linguistique Romane. Nancy, 15-20 de xullo de 2013.
- Reyna Muniain, Facundo (2013): "Introducción a la lengua gallega". V Congreso de Lenguas Minorizadas. Museo de la lengua y el libro (Biblioteca Nacional, Arxentina), maio de 2013.
- Rodríguez Guerra, Alexandre (2013): "A edición da poesía medieval, a paleografía e a lingüística histórica: o *Cancioneiro da Ajuda*". *I Coloquio de Lingüística Histórica*. Santiago de Compostela, 1-4 de xullo de 2013.
- Rodríguez Lorenzo, David (2013): "Galego e español da Galiza: interferências em contexto de diglossia". *I Encontro Estudos da Língua e Cultura Hispânica*. Instituto de Letras da UFBA, 24-25 de outubro de 2013.
- Rodríguez Lorenzo, David (2013): "Estudos de língua e cultura galegas". PROHPONDO, I Encontro de Estudos da Língua Portuguesa. Instituto de Letras da UFBA, 17-20 de decembro de 2013.
- Santos Raña, Irene / Soraya Suárez Quintas (2013): "Identidade lingüística en comunidades fronteirizas: a imaxe do idioma portugués en entidades rurais do sur da provincia de Ourense [Póster]". *XXIX Encontro Nacional da Associação Portuguesa de Lingüística*. Facultade de Letras da Universidade de Coímbra. 23-25 de outubro de 2013.
- Santos Raña, Irene / Soraya Suárez Quintas (2013): "Percepción e actitudes lingüísticas na fronteira galego-portuguesa. Unha aproximación á perspectiva ourensá". *Simposio ILG 2013: Lingua e identidade na fronteira galego-portuguesa*. Santiago de Compostela, 28 novembro-3 de decembro de 2013.

- Sousa Fernández, Xulio C. (2013): "Áreas léxicas peninsulares a partir dos materiais do ALPI". *XVIIe Congrès International de Linguistique et de Philologie Romanes*. Nancy, 15-20 de xullo de 2013.
- Sousa Fernández, Xulio C. (2013): "Estudo da variación lingüística e dialectoloxía perceptiva". *Simposio de dialectoloxía perceptiva*. Santiago de Compostela, 17-18 de xaneiro de 2013 [http://prezi.com/hbmzch9jjtpk/linguistic-variation-and-perceptual-dialectology_xsousa_2013/].
- Sousa Fernández, Xulio C. / Ernestina Carrilho (2013): "Aspects de variation syntaxique ibéro-romane d'après l'Atlas Lingüístico de la Península Ibérica (ALPI)". *XVIIe Congrès International de Linguistique et de Philologie Romanes*. Nancy, 15-20 de xullo de 2013.
- Sousa Fernández, Xulio C. / Ernestina Carrilho (2013): "On Galician and European Portuguese analytical causatives: Microvariation in causees and beyond". *7th International Conference on Language variation in Europe (ICLaVE)*. Trondheim, 26-28 de xuño de 2013.
- Suárez Quintas, Soraya = Santos Raña, Irene / Soraya Suárez Quintas.
- Suárez Quintas, Soraya = Santos Raña, Irene / Soraya Suárez Quintas.
- Veiga Rodríguez, Alexandre (2013): "Sur le vocalisme espagnol, la commutabilité de traits et la hiérarchie des oppositions phonologiques", en M. Tsigou / D. Costaouec (eds.): *Traduction. Changement en syntaxe. La personne. Approches fonctionnalistes. Actes du 33^e Colloque International de Linguistique Fonctionnelle. Corfou*. [Corfou]: SILF / Université Ionniennne. Département de Langues étrangères, traduction et interpretation, 235-8.
- Veiga Rodríguez, Alexandre (2013): "La anterioridad del «pretérito perfecto»". Conferencia plenaria por invitación leída en el simposio *Formas simples y compuestas del pasado en español y otras lenguas*. Universidad de Salamanca, 18-20 de setembro de 2013. En prensa.
- Villanueva Gesteira, María Dolores (2013); "Francisco Fernández del Riego: un país e unha cultura". Mesa redonda "Lembranza e semblanza de D. Paco del Riego", organizada pola Universidade de Vigo. Vigo, 4 de marzo de 2013. Relatora invitada.

B. CURSOS E SEMINARIOS

Dubert García, Francisco (2013): “Fonología basada en ejemplares” (0,4 créditos ECTS), *Máster de Fonética y Fonología*, pertencente ó *Postgrado oficial de Estudios Fónicos*, organizado pola Universidad Internacional Menéndez Pelayo e o CSIC, xaneiro de 2013.

Martínez Lema, Paulo (2013): “A clasificación semántica da toponimia”. *Curso de verán “Toponimia: interpretación e actuación”*. Santiago de Compostela, 16-19 de xullo de 2013.

Monteagudo Romero, Henrique / José del Valle (2013): Seminario de Doutoramento “Lengua e Ideología. Perspectivas trasatlánticas” 29 abril-17 de maio de 2013. Universidad de Buenos Aires, Facultad de Filosofía y Letras.

Rodríguez Parada, Raquel (2013): “Unha experiencia didáctica multidisciplinaria: os muíños da comarca de Monterrei”. Curso de verán *Toponimia: interpretación e actuación*. Santiago de Compostela, 16-19 de xullo de 2013.

Santamarina Fernández, Antón (2013): “Introducción histórica á toponimia de Galicia”. Curso de verán *Toponimia: interpretación e actuación*. Santiago de Compostela, 16-19 de xullo de 2013.

C. CONFERENCIAS

Fernández Rei, Elisa (2013): “*Distancias prosódicas percibidas entre galego e português*”. Conferencia no Festival das Letras, DLC da Universidade de Aveiro. Aveiro, 12 de abril de 2013.

Fernández Rei, Francisco (2013): “*Soñemos, alma, soñemos!*” Na entrega do 10º Premio Ramón Cabanillas a Xesús Alonso Montero”. Intervención no acto de entrega do X Premio Ramón Cabanillas, organizado polas librerías Ramón Cabanillas e Contos, de Cambados (Auditorio Municipal de Cambados, 16 de maio de 2013).

Fernández Rei, Francisco (2013): “Roberto Vidal Bolaño e a procura dunha lingua literaria urbana e popular”. Intervención na sesión plenaria do Día das Letras Galegas 2013 en honra de Roberto Vidal Bolaño, organizado pola Real Academia Galega o 17 de maio no Teatro Principal de Santiago de Compostela. [vaise publicar no *Boletín da Real Academia Galega*].

González González, Manuel: “*O Vocabulario Ortográfico da Lingua Galega (VOLGa)*: un paso fundamental para a estandarización do léxico”. Conferencia impartida na Biblioteca Victor Hugo, invitado polo Romanisches Seminar da Universidade de Heidelberg, 14 de xaneiro de 2013.

Mariño Paz, Ramón (2013): “As lendas do retablo de Belvís (séc. XIV) no seu contexto sociolingüístico”. Conferencia pronunciada o 3 de abril de 2013 para o alumnado do Grao de Estudos de Galego e Español da Facultade de Filoloxía e Tradución da Universidade de Vigo.

Rodríguez Lorenzo, David (2013): “Introdução à história externa da língua galega”. Instituto de Letras da UFBA, 31 de novembro de 2013.

D. COMITÉS CIENTÍFICOS E DE REDACCIÓN

- Álvarez Blanco, Rosario. Directora da revista *Estudos de Lingüística Galega*.
- Álvarez Blanco, Rosario. Membro do comité científico de *Cadernos de Lingua*.
- Álvarez Blanco, Rosario. Membro do Comité de Honra da revista *Verba. Anuario Galego de Filoloxía*.
- Álvarez de la Granja, María. Secretaria da revista *Cadernos de Fraseoloxía Galega*.
- Álvarez de la Granja, María. Secretaria da revista *Estudos de Lingüística Galega*.
- Álvarez de la Granja, María. Membro do Comité Científico e Asesor da revista *Estudios interlingüísticos*.
- Álvarez Pérez, Xosé Afonso. Membro do Comité de Redacción da revista *Verba. Anuario Galego de Filoloxia*.
- Boullón Agrelo, Ana Isabel. Correspondente internacional da *Rivista Italiana di Onomastica* (Società Editrice Romana, Roma).
- Boullón Agrelo, Ana Isabel. Membro do Comité científico da revista *Estudos de Lingüística Galega*.
- Boullón Agrelo, Ana Isabel. Membro do Consello de Redacción da revista *Viceversa*, da Asociación de Traductores Galegos e a Universidade de Vigo.
- Cidrás Escáneo, Francisco Antonio. Membro do Comité científico da revista *Estudos de Lingüística Galega*.
- Cidrás Escáneo, Francisco. Membro do Comité Asesor da revista *Verba. Anuario Galego de Filoloxía*.
- Couceiro, Xosé Luís. Membro do Comité de Honra da revista *Verba. Anuario Galego de Filoloxía*.
- Dubert García, Francisco Xosé. Membro do Comité científico da revista *Estudos de Lingüística Galega*.
- Fernández Rei, Elisa. Membro do Comité de Redacción de *Estudos de Lingüística Galega*.
- Fernández Rei, Francisco. Membro do Comité Científico da revista *Cadernos de lingua*.
- Fernández Rei, Francisco. Membro do Comité Científico de *Estudos de Lingüística Galega*.
- Fernández Rei, Francisco. Membro do Comité Científico de *Un mundo, muchas miradas - Mundu bat, begirada anitz* (desde 2011), UPV / EHU.
- Fernández Rei, Francisco. Membro do Comité Científico e do Comité de Honra da revista *Verba. Anuario Galego de Filoloxía*.
- Fernández Rei, Francisco. Membro do Consello Editorial de *Citania. Artes, letras, espectáculos*.
- Fernández Rei, Francisco. Membro do grupo estable de asesores do consello de redacción da revista *Luenga e Fablas*, editada polo Consello d'a Fabla Aragonesa.
- Fernández Rei, Francisco. Secretario do Consello de redacción da revista trimestral *A Trabe de Ouro. Publicación galega de pensamento crítico* (Fundación Sotelo Blanco, Santiago de Compostela), desde a edición do nº 1 (1990) á actualidade.
- Fernández Rei, Francisco. Membro do consello de redacción da *Revista de Filología Románica*.
- Gómez Guinovart, Xavier. Editor da revista *Linguamática*. <http://www.linguamatica.com>

Memoria de Actividades 2013

- Gómez Guinovart, Xavier. Membro do Comité Científico da revista *Linguamática*. ISSN 1647-0818.
- Gómez Guinovart, Xavier. Membro do Comité de Redacción da revista *Estudos de Lingüística Galega*.
- Gómez Guinovart, Xavier. Vogal da Comisión Permanente da Sociedad Española para el Procesamiento del Lenguaje Natural (SEPLN).
- Gómez Guinovart, Xavier. Membro do Comité Científico da revista *Procesamiento del Lenguaje Natural*. ISSN 1135-5948.
- Gómez Guinovart, Xavier. Membro do Comité Científico da revista *Novática*.
- González González, Manuel. Membro do Comité científico da revista *Estudis romànics* (Institut d'Estudis Catalans, Barcelona).
- González González, Manuel. Director da revista *Cadernos de Lingua*.
- González González, Manuel. Membro do Comitato Scientifico Internazionale del *Bollettino dell'Atlante Linguistico Italiano* (Università degli Studi di Torino. Istituto dell'Atlante Linguistico Italiano. Italia).
- González González, Manuel. Membro do Comité científico da revista *Estudos de Lingüística Galega*.
- González González, Manuel. Membro do Comité científico da revista *Estudios de fonética experimental* (Universidade de Barcelona: Laboratorio de Fonética).
- González González, Manuel. Membro do Comité científico da revista *Lingue e idiomi d'Italia*. Universidade de Lecce (Italia).
- González González, Manuel. Membro do Comité científico da revista *Dialectologia și Fonetica*. Academia das Ciencias de Romanía (Bucarest).
- González González, Manuel. Membro do Comité científico da revista *Euskera*. Euskal-tzaindia / Real Academia de la lengua vasca (Bilbao).
- González González, Manuel. Membro do Comité Científico da revista *Verba. Anuario Galego de Filoloxía*.
- González González, Manuel. Membro do Comité de Redacción do *Atlas Linguistique Roman*. CNRS e Université de Grenoble (Francia).
- González González, Manuel. Membro do International Board of *Journal of Portuguese Linguistics*. Universidade Clásica de Lisboa.
- González Seoane, Ernesto Xosé. Membro do Comité científico da revista *Estudos de Lingüística Galega*.
- Lorenzo, Ramón. Membro do Comité científico da revista *Estudos de Lingüística Galega*.
- Lorenzo, Ramón. Director de *Dorna*.
- Lorenzo, Ramón. Membro do comité científico de de *Cadernos de Lingua*.
- Lorenzo, Ramón. Membro do Comité de Honra da revista *Verba. Anuario Galego de Filoloxía*.
- Mariño Paz, Ramón. Codirector da revista *Verba. Anuario Galego de Filoloxía*.
- Monteagudo Romero, Henrique. Membro do Comité de Redacción de *Estudos de Lingüística Galega*.
- Monteagudo Romero, Henrique. Membro do Comité Editorial da publicación *Treballs de Sociolinguística Catalana. Revista de la Societat Catalana de Sociolinguística*, desde 2011.
- Monteagudo Romero, Henrique. Membro electo do Plenario do Consello da Cultura Galega. Coordinador da Sección de Lingua, Literatura e Comunicación. Director do Centro de Documentación Sociolinguística.

- Pichel Gotérrez, Ricardo. Secretario de *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos* (UCM).
- Regueira Fernández, Xosé Luís. Coordinador de *Cadernos de Lingua*.
- Regueira Fernández, Xosé Luís. Membro do Comité Asesor de *Verba. Anuario Galego de Filoloxía*.
- Regueira Fernández, Xosé Luís. Membro do Comité Científico da *Revista Internacional de Lingüística Iberoamericana*.
- Regueira Fernández, Xosé Luís. Membro do Comité Científico de *Estudos de Lingüística Galega*.
- Rodríguez Guerra, Alexandre. Coeditor responsable, con Bieito Arias Freixedo, da revista electrónica *Locus Criticus*. <http://webs.uvigo.es/locuscriticus/>. ISSN 1989-6344.
- Rodríguez Guerra, Alexandre. Membro do Comité Asesor de *Verba. Anuario Galego de Filoloxía*.
- Santamarina Fernández, Antón. Membro do Comité científico da revista *Estudos de Lingüística Galega*.
- Santamarina Fernández, Antón. Membro do comité científico de *Cadernos de Lingua*.
- Santamarina Fernández, Antón. Membro do Comité de Honra da revista *Verba. Anuario Galego de Filoloxía*.
- Sousa Fernández, Xulio César. Membro do Comité de Redacción de *Estudos de Lingüística Galega*.
- Varela Barreiro, Xavier. Membro do Comité científico da revista *Estudos de Lingüística Galega*.
- Varela Barreiro, Xavier. Membro do Comité Asesor de *Verba. Anuario Galego de Filoloxía*.
- Varela Barreiro, Xavier. Membro do comité de redacción da *Revista Galega de Filoloxía*.
- Villanueva Gesteira, María Dolores. Secretaria da revista *Abriu: estudos de textualidade do Brasil, Galicia e Portugal*. <http://revistes.ub.edu/index.php/Abriu>
- Villanueva Gesteira, María Dolores. Membro do Comité Editorial da revista *Abriu: estudos de textualidade do Brasil, Galicia e Portugal*.

E. PUBLICACIÓNS

PUBLICACIÓNS DO ILG

Este ano, o ILG publicou tres monografías:

Álvarez Blanco, Rosario / Ana María Martins / Henrique Monteagudo / María Ana Ramos (eds.) (2013): *Ao sabor do texto. Estudos dedicados a Ivo Castro*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.

Gugenberger, Eva / Henrique Monteagudo / Gabriel Rei-Doval (eds.) (2013): *Contacto de linguas, hibrididade, cambio: contextos, procesos e consecuencias*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega.

Pérez Barcala, Gerardo (2013): *A tradución galega do Liber de medicina equorum de Giordano Rufo*. A Coruña: Fundación Barrié de la Maza.

Tamén este ano se publicou o volume 5 da revista *Estudos de Lingüística Galega* do ILG. Como se sabe, esta revista publica en papel un número restrinxido de volumes para enviar ós autores, colaboradores e, ademais, gardar e conservar nas bibliotecas; con todo, o seu medio de difusión habitual é a web do ILG. A revista *Estudos de Lingüística Galega* está indexada nas seguintes bases de datos: CSA Linguistics and Language and Behavior Abstracts, REDALYC, DOAJ, Open Access Digital Library, DICE (CSIC), ISOC (CSIC), Latin-index (UNAM), MIAR, MLA (Modern Language Association), ULRICH, DIALNET e Scopus (Elsevier).

PESCUDA

Aquilino Santiago Alonso Núñez (Universidade de Vigo): “Diferenzas e converxencias dialectais dentro do concello de Castrelo do Val”, 5-26

Xosé María Gómez Clemente (Universidade de Vigo – Grupo TALG) / Xavier Gómez Guinovart (Universidade de Vigo – Grupo TALG) / Andrea González Pereira (Universidade de Vigo – Grupo TALG) / Verónica Taboada Lorenzo (Universidade de Vigo – Grupo TALG): “Sinonimia e rexistros na construcción do WordNet do galego”, 27-42.

Gonzalo Hermo González (Universidade de Santiago de Compostela): “Toponimia maior da parroquia de Taragoña (Rianxo, O Barbanza). Estudo etimológico”, 43-67.

Marilucia Oliveira / Flávia Paz (Universidade Federal do Pará – Brasil): “Haplología na região amazônica: imagens preliminares”, 69-87.

Bernadette O'Rourke (Heriot-Watt University – Scotland, UK) / Fernando Ramallo (Universidade de Vigo): “A miña variedade é defectuosa’: a lexitimidade social das neofalas”, 89-103.

Sílvia Afonso Pereira (Centro de Lingüística da Universidade de Lisboa – Portugal): “‘Àgora’ no dialecto minhoto”, 105-126.

Hiroto Ueda (Universidade de Tokio – Xapón): “Dialectometría en el proyecto ‘Varilex’. Historia y geografía de las voces variantes”, 127-143.

Fernando Venâncio (Universidade de Amsterdam – Holanda): “Airoso e castiço. Sobre o adjetivo castelhano em português (1488-1728)”, 145-188.

Mário Eduardo Viaro (Universidade de São Paulo – Brasil): “Sobre a origem das preposições ibero-românicas ‘hasta’, ‘ata’ e ‘até’”, 189-212.

PENEIRA

Raquel Vila Amado (Universidade de Santiago de Compostela): “O galego, lingua de moda: algunas solucións terminolóxicas”, 215-249.

ANADA

“Bibliografía”, 253-270.

“Recensións”, 271-298.

PUBLICACIÓNS DOS MEMBROS DO ILG

Álvarez Blanco, Rosario / Ana María Martins / Henrique Monteagudo / María Ana Ramos (eds.) (2013): *Ao sabor do texto. Estudos dedicados a Ivo Castro*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.

Álvarez Blanco, Rosario / Xosé Xove Ferreiro (2013): “Cartas que cruzan o Miño. Correspondencia con don Pedro Álvarez V de Soutomaior, falsificador (1527)”, en Rosario Álvarez / Ana María Martins / Henrique Monteagudo / María Ana Ramos (eds.) (2013): *Ao sabor do texto. Estudos dedicados a Ivo Castro*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega / Servizo de Publicacións e Intercambio Científico da Universidade de Santiago de Compostela, 29-55. Dispoñible en: <http://dspace.usc.es/handle/10347/9484>

Álvarez Blanco, Rosario / Fina Casalderrey Fraga (2013): *Viaxe á semente. Dende os refachos do corazón ata onde habita o imaxinario. Discurso lido o 22 de novembro de 2013 no acto da súa recepción, pola ilustrísima señora dona Fina Casalderrey e resposta da excellentísima señora dona Rosario Álvarez Blanco*. A Coruña: Real Academia Galega, 64 pp. [RAB: 51-62]. Dispoñible en: http://www.realacademiagalega.org/documents/10157/27090/Discurso+Fina+Casalderrey_web.pdf?version=1.0

Álvarez Blanco, Rosario (2013): “A lei de normalización lingüística. Galicia, 30 anos despois”, en Margarita Ledo / Xosé López / María Salgueiro (eds.) (2013): *Anuario internacional de comunicación lusófona. 2013. Comunicación na diáspora e diásporas na comunicación*. LUSOCOM / AGACOM, 9-14. Dispoñible en: <http://www.anuariolusocom.com/>

Álvarez de la Granja, María / Belén López Meirama (2013): “A presenza do galego no léxico dispoñible do español de Galicia. Análise distribucional”, Eva Gugenberger / Henrique Monteagudo / Gabriel Rei-Doval (eds.), *Contacto de linguas, hibrididade, cambio: contextos, procesos e consecuencias*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, 49-96.

Álvarez de la Granja, María (no prelo): “O tratamento das expresións pluriverbais no *Tesouro do léxico patrimonial galego e portugués*”, en Julia Sevilla Muñoz (ed.): *Fraseología y Léxico. Un enfoque contrastivo*. Lugo: Axac, 124-136.

Álvarez de la Granja, María / Belén López Meirama (no prelo): *Léxico dispoñible do galego*. Santiago de Compostela: Universidade (Anexo de Verba).

Álvarez de la Granja, María (2013): Recensión a Xavier Gómez Guinovart, (coord.) / Alberte Álvarez Lugrís / Eva díaz Rodríguez (2012): *Dicionario moderno inglés-galego* (Santiago de Compostela / Vigo / Ames: Xunta de Galicia / Universidade de Vigo / 2.0 Editora, 1236 pp.), *Estudos de Lingüística Galega* 5, 273-277.

Álvarez Pérez, Xosé Afonso (no prelo): «Paremiología xeográfica: refráns referidos a localidades galegas e os seus habitantes». Volume de homenaxe.

Álvarez Pérez, Xosé Afonso / Xulio C. Sousa Fernández (2013): "The tesouro do léxico patrimonial galego e portugués. A Galician and Portuguese word bank". *Dialectología. Special Issue*, 2013. Disponible en: http://www.publicacions.ub.edu/revistes/ejecuta_descarga.asp?codigo=886

